aqui e agora

maio 2011

11

ÍNDICE

QUEIXAS AO MUNDO 2
Os alumnos falan

GRAM(ÉTICA) 5
Loito e abandeiro

LITERATURA 6
Críticas literarias
- Los juegos del hambre

DOMINGO VILLAR 9
Entrevista

LETRAS GALEGAS 2011 12
Lois Pereiro

DIME QUE SUSPENDÍAS 16
As que lles *quedaban* aos profes

O MUNDO DO XOGRAR 20
O acontecido de portas para dentro:
- Excursión a Fontecelta
- Entrevista con Diego Rego
- Samaín no Xograr
- Le Ménestrel
- Día do libro
- A nosa Biblioteca

ÁLBUM DE FOTOS 31
Das excursións do ano

CIENCIAS 35
- Ano dos bosques
- Cómic: "Rutinas Espaciais"

44 CHENG
Un novo compañeiro

45 COLABORACIÓNS EXTERNAS
- Como nacen as palabras?
- O noso entroido

49 DEPORTES
- Deportes da zona
- O mellor do deporte español

51 DE RISA
Gargalladas a esgalla

53 CURIOSIDADES ARREDOR DAS CC.SS.
Sabías que...?

55 VIDEOXOGOS
Os 10 videoxogos máis vendidos da historia

56 CINE
6 das películas máis comentadas dos últimos meses

58 MÚSICA
- Top 5
- Música en galego

61 TABOLEIRO
Quen se acorda de ti?

62 PASATEMPOS XOGRARINOS
Pon esa cabeciña a traballar, anda!

EDICIÓN

Outro curso que chega á súa fin, outro Aquí e Agora que ve a luz. Este número once faino vestido de verde e cun claro obxectivo: superar ao seu antecesor.

Aquí e Agora 10 pretendía ser especial e, a xulgar polo que nos dixeron sobre el, foino. A pesares diso, seguía existindo unha ampla marxe de mellora que nos propuxemos reducir este ano. Para conseguilo utilizamos a mesma receita ca no curso anterior cunha pequena modificación: unhas pingas máis de experiencia.

Os membros do equipo comezamos a reunirnos en outubro e a falar do que queriamos que Aquí e Agora 11 contivese. As ideas foron xurdindo e transformándose, pouco a pouco, en páxinas dun documento .docx gardado no ordenador de María. Redactoras/es e colaboradoras/es foron máis profesionais ca nunca e, grazas a iso, non foi difícil compaxinar a elaboración da revista coas obrigas estudantís.

O compromiso do equipo reflíctese tamén nos contidos (resumidos á esquerda), máis interesantes e traballados e cos que esperamos que pasedes un bo anaco.

Paro xa. Pasade a páxina e, cando cheguedes aos agradecementos, contádenos que vos pareceu.

Sandra López Pereiro

O equipo, agás Adrián Abella *(dispoñible na última páxina)*

QUEIXAS AO MUNDO

Un ano máis, e trala boa acollida que tivo na súa primeira edición o ano pasado, volven as queixas ao mundo. Unha sección na que os alumnos dan a súa opinión sobre algúns dos temas máis polémicos da actualidade. Gadafi, Xeración NIN-NIN, …… ¡TREMEDE!

A CADEA ALIMENTARIA DE GADAFI

Estamos acostumados a ver cadeas alimentarias do tipo: herba (ser autótrofo), coello (come a herba, herbívoro), raposo (come o coello, carnívoro); pero preséntovos outro tipo de cadea alimentaria: República presidencialista (carácter autoritario, apoio do exército, e un único partido que controla as institucións), libios (restrición dos seus dereitos, e situación de pobreza da maioría da poboación sometida ao mandato do líder) e o último eslavón da cadea, o que se alimenta de todo isto: Gadafi (líder que exerce unha autocracia persoal, rodeado de grandes riquezas e luxos e *codeándose* cos representantes das grandes potencias).

Pero nesta cadea, rebeláronse os libios, que despois de anos aguantando a falta de dereitos, decidiron facer unha revolución apoiada, agora si, polas grandes potencias: EEUU, Francia, España,... potencias, que por outra banda, aparecían meses atrás, nun ambiente distendido falando con Gadafi; o cal non debía ser a mesma persoa, porque senón, como se entende que non interviran antes a favor dos libios?

Se ve que Gadafi nestas reunións, non lles contou

Brown, Merkel, Sarkozy, Berlusconi, Medvedev,Gadafi e Mubarack durante la cumbre do G-20 en xulio de 2009

ós mandatarios das potencias o "gran segredo a voces" de que en Libia estaba instaurada unha autocracia persoal, e ao enterárense agora, foi cando puideron levar a cabo a intervención... dende logo, que inxenuos non entererárense antes! Non vos parece?

Agora coméntase que Gadafi anda pedindo "acubillo" a ZP, Sarkozy, Obama, etc; rememorando aquelas reunións nas que estaban "cóbado con cóbado".

Goretti Valiña Vázquez

PASIÑO A PASIÑO

Unha vez, unha rapaza díxome "*Ó mellor si que é certo que vai rematar o mundo en 2012. Ó mellor tiñan razón os maias. Pero non creo que o mundo vaia facer un día ¡chof! e rematar sen máis, eu penso que se vai ir desfacendo pouco a pouco; se non mira a gripe A: aí o tes, o principio da fin do mundo*".

Aínda que no fondo todos sabemos que iso non é posible, dende aquela conversa non podo evitar que se me veñan á cabeza as súas palabras cada vez que vexo nos xornais "*Xapón en estado emerxencia*", "*Unha nube de contaminación cobre Madrid*" ou "*Comeza a exclusión aérea en Libia*".

Pero o motivo da fin do mundo non se debe a que a Terra teña unha conta atrás interna, programada para rematar o 31/12/12. Non, a guerra en Libia non é obra da natureza,

nin as centrais nucleares medran preto do río, as metralletas non se plantan nas hortas e os ditadores non son a única opción de goberno.
Cada vez que alguén tira un plástico ó mar ou dispara unha arma avanza un paso cara a destrución do noso planeta. Cando o representante dun país asina un acordo con algún ditador para asegurarse as boas relacións co seu país, estanos empuxando uns cantos pasos máis, por cada central

nuclear que se constrúe, garantimos o noso avance cara á destrución. E así, máis ou menos rápido, pasiño a pasiño, asegurámonos de que a conta atrás para a fin do único fogar que coñecemos non se pare.

Ó mellor esta rapaza tiña razón, e é certo que o mundo se vai ir desafacendo pouco a pouco. Quizais non ía tan desencamiñada…

María Melle Goyanes

XERACIÓN NIN-NIN-NIN

Din por aí, "*estes rapaces de hoxe non saben o que queren. Nin traballan nin estudan*".
Vaia mentira! Sábeno perfectamente: "*traballar é demasiado duro, e estudar demasiado aburrido. Por que non perder uns cantos anos da nosa vida? Desfrutemos, pasémolo ben, fagamos loucuras e deixemos que o tempo siga pasando. Xa parará se quere. E se non, non importa. Total, somos novos!".* Chamaremos a este grupo X.
Pero tranquilos, adultos, tamén hai rapaces que queren medrar, estudar, facer unha carreira e atopar un traballo que lles guste. Parece que o futuro non está tan perdido. A estes ímoslles chamar Y.
Pero para poder conseguilo, antes teñen que conseguir pasar unha proba moi, moi dura. A selectividade? Non, home! Eu fálovos do instituto, ese lugar onde xuntan a X e Y indistintamente.
Os Y queren aprender, os X, pasalo ben, pegarse e "ser maiores antes de medrar". Aquí é onde se ven enfrontados dous intereses: o interese dos Y por aprender, e o interese dos X por pasalo ben.
Os X gañan. Sempre. E é neste punto no que se engade un "NIN" máis á abreviación "NIN-NIN", que pasa a significar "NIN *traballan*, NIN *estudan*, NIN *deixan estudar*".
Velaquí un consello dun Y para os X: o tempo non agarda por ninguén, e se seguides retándoo, el fará que cheguedes tarde o "día de reparto de futuros".

Y

ENERXÍA NUCLEAR: NON, GRACIÑAS ☺

Actualmente seguen a existir moitas persoas que defenden a enerxía nuclear a capa e espada, seguramente habitantes de localidades moi afastadas das "dichosas" centrais. Parécenos incoherente esta defensa cando está demostrado que a enerxía nuclear non só é carísima a nivel económico, senón que tamén é un atentado contra a saúde pública.
Coas enerxías renovables podemos alcanzar nun futuro o autoabastecemento enerxético total, sen ter que depender doutros países e sen ter medo de que os fenómenos que os producen se esgoten.
Grazas a organizacións coma **Greenpeace**, que loitan pola defensa do medio ambiente, coñecemos accidentes nucleares coma por exemplo o escape acontecido na central nuclear de **Ascó** (Tarragona), que seguramente sería ocultado pola Asociación Nuclear Ascó-Vandllòs II (ANAV).

DESASTRES NUCLEARES:

Accidente de Chernóbil:

O 26 de Abril de 1986, 31 persoas morreron, 116 mil foron evacuadas e 13 países de Europa Oriental e Central foron afectados. Arredor de 600 mil persoas recibiron doses de radiación polos traballos de descontaminación despois do accidente. 5 millóns de persoas viviron en áreas contaminadas e 400 mil en áreas gravemente contaminadas.

Consecuencias: Nacementos de bebés con malformacións, aumento dos casos de cancro entre a poboación e desaparición de fauna e flora.

Accidente de Fukushima:

O 11 de Marzo de 2011, acontece un terremoto seguido dun tsunami. Estes, fixeron que se produciran fallos na central nuclear de **Fukushima**. Pouco despois detectouse iodo radioactivo nas augas de Tokio. Chegáronse a evacuar 170 mil persoas que vivían preto da central. 23 persoas foron feridas e más de 20 afectadas pola radiación.

Posibles consecuencias do escape nuclear en Fukushima: Contaminación das augas do mar, morte de peixes e morte da flora mariña; mortes humanas; contaminación da fauna e flora terrestre, etc. É dicir: **DESVASTACIÓN TOTAL.**

Con todo isto: seguimos a usar enerxía nuclear ou usamos o Sol, a auga, o vento, as correntes mariñas…? **Aquí iniciamos o debate.**

Eva Melle Goyanes e **Ana Caloto Balboa**

LIBERDADES… PREXUDICIAIS?

Dende a segunda guerra mundial, construímos a nosa educación en base aos principios da tolerancia, a xustiza e a liberdade, fundamentos que deben ser innatos e inmutábeis ao ser humano, tal e como os recolle a Declaración Universal de Dereitos Humanos; mais estes deron lugar a liberdades que o neno, como ser inmaduro e dalgunha maneira ególatra, tomou de forma que se poida acudir a eles para conseguir o que un queira, ata o punto de chegar a ter un certo poder sobre os seus pais, os seus profesores e a sociedade en xeral.

Este feito é cada vez máis evidente, pois, debeuse de brindar aos educadores coa autoridade da que goza o poder executivo, por mor da violencia que estudantes segregan contra eles ou incluso, entre eles mesmos. Outra noticia común é a de que un neno denuncie ao seu pai ou nai por que "*me pegou*". Dubido moito que este tipo de sucesos sexan, na súa totalidade, dunha merecida denuncia; claro está, tamén hai excepcións. Con todo, isto non son máis que casos puntuais nos cales non debemos de fundamentar os nosos ideais.

Agora ben, eu non estou dicindo que estes principios sexan malos e haxa que eliminalos, senón que, non deben levarse ao máximo extremo pois por experiencia, a humanidade, tería que darse conta de que os radicalismos son negativos pois o ser humano é moral e eticamente malo ou como dicía o filósofo Thomas Hobbes, "o home é un lobo para o home".

As liberdades, en certo modo, poden volverse prexudiciais, posto que o ser humano é avaricioso, canto máis lle dan máis quere. Para entendelo, todos coñecemos un claro exemplo: ao neno permíteselle facer e conseguir todo canto quere, é incapaz de aceptar un "NON" por resposta, entón a convivencia con el, convértese nun pesadelo, do cal non podes espertar sen establecer antes, certos límites ou prohibicións. Ademais, esa resposta, hoxe en día, dase moi habitualmente.

Non obstante, estes dereitos non deben de ser eliminados, como xa dixen anteriormente, máis ben, o quero dicir e que o home debe ser educado e concienciado negativamente conforme ao abuso e uso incorrecto de ditas liberdades.

Porén, dado que nunca profundicei neste tema e os meus coñecementos en psicoloxía son practicamente nulos, a miña opinión, non é máis que unha vaga e tenue reflexión sobre o asunto.

Adrián Abella Arias

GRAM(ÉTICA)

O **MODO** é a facultade que teñen os verbos para indicar a **ACTITUDE** do falante.

Modo indicativo = feitos reais

LOITO contra os tempos da realidade: Contra o **pretérito** que nos fai mirar atrás e lembrar o que puido ter sido e non foi. Contra o **imperfecto**, tan de seu, que nin tan sequera se define ben e por iso todo era, tiña, sabía, posuía…(mais xa non es, nin tes, nin sabes, nin posúes). Contra o tempo **futuro** que nos fai crer que será o único que importa. Contra o **condiciona**l que nos enche de soberbias pensando no que podería ser. Contra o **pluscuamperfecto** que non deixa dicir o que nos roe na lingua, tan cortés que eu quixera, tan tristemente se puidera.

ABANDEIRO o **presente** porque nel sinto, vivo, penso, fago, énchome de tenrura, río e decátome do teu sentir, do teu pesar, da túa dor e do teu benfacer. Vivo o día a día, lambo as horas do reloxo, debullo os minutos e partillo os segundos do presente, que es ti e son eu, e nunca volve ser.

Modo subxuntivo = feitos irreais, desexados

LOITO contra os tempos da irrealidade: Contra o **presente** que pense que de nada vale o que un fai so porque si, que critique pero que non faga, que mande pero que non se molle, que perciba e non se achegue, que ame e non diga, que escoite e non fale…Contra o **imperfecto** inacabado por falta de valentía, se escribise, se laméntase, vise ou ouvise, tocase ou sentise….hoxe non me laiaría.

ABANDEIRO o **futuro** por fores a semente do popular, o froito serodio dun estivermos onde quixermos, un fixermos o que debermos, substituído no presente por un **infinitivo persoal conxugado**.

Modo imperativo = ordes, mandatos

LOITO contra o impositivo **presente** debe, paga, escribe, dicta, cala, para, vota, marxina, envía, recibe,asina, abre, pecha, vixía, garda…

ABANDEIRO a orde **presente** amade, sentide, vivide, disfrutade, compartide, sorride, xogade, lede, creade, escoitade, danzade, construíde, soñade e sede vós mesmos.

E sobretodo **LOITO** e protesto contra as **formas non persoais** tan neutrais, que coma dixo Dante para elas está reservado o lugar máis quente do inferno, e **ABANDEIRO** as **persoas** destes tempos : o eu, ti, el, nós, vós e eles implicados no que é e será o noso porvir.

LOLA CHAOS



LER…

…POR QUE?

***Aquí e Agora** proponvos a lectura destas citas textuais, de diferentes autores, para que logo reflexionedes e vexades que un libro é moito máis que unha tarefa imposta coas lecturas obrigatorias das distintas materias:*

"Un libro aberto é un cerebro que fala; pechado, un amigo que espera; olvidado, unha alma que perdoa; destruído, un corazón que chora". *(Proverbio hindú).*

"Un libro é como un xardín que se leva no peto". *(Proverbio árabe).*

"Un fogar sen libros é coma un corpo sen alma". *(Cicerón)*
"Un chega a ser grande polo que le e non polo que escribe". *(Borges)*
"O que le moito e anda moito, ve moito e sabe moito". *(Miguel de Cervantes Saavedra).*

"Non hai libro tan malo que non conteña algo bo". *(Cervantes).*
"Un libro debe ser como un rompexeos para entrar nos mares conxelados das nosas almas". *(Franz Kafka)*
"Non hai dúas persoas que lean o mesmo libro". *(Edmund Wilson).*

"Le e conducirás, non leas e serás conducido". *(Santa Teresa de Jesús).*



"Cada vez que un libro cambia de mans, cada vez que alguén pousa a ollada polas súas páxinas, o seu espírito medra e faise forte." (*Carlos Ruiz Zafón).*

"Polo grosor da capa de po nos libros dunha biblioteca pública pode medirse a cultura dun pobo". *(Autor descoñecido).*



Cólleos de un en un e … desfrútaos. Os libros poden levarte a sitios inimaxinables, viaxando coa mente a través de historias marabillosas. Ánimo coa lectura!

Saga: LOS JUEGOS DEL HAMBRE

Artigo de opinión por **Carmela Cela**

Nun opresor mundo futuro, o importante non é unicamente manter a raia aos sometidos, senón brindarlles o espectáculo da súa propia sumisión. Anualmente, o poder central organiza un reality show, unha caza ao home de visión obrigada para toda a cidadanía, na que rapaces elixidos por sorteo vense obrigados a matarse entre eles ou morrer. Unha visión impecable de ata onde podería chegar un Gran Hermano *desquiciado nunha sociedade sen ética nin moral.*

É unha triloxía que se a comezas a ler asegúroche que che vai ser moi difícil deixala de lado, porque é unha desas historias que te engancha tanto que cando a rematas so queres máis. Como di Deborah L. Dubois (redactora da revista VOYA) por algún dos tres apaixonantes libros:
"O suspense nesta potente novela manterá o lector pegado ó libro moito máis alá da hora de durmir".



LOS JUEGOS DEL HAMBRE

Sen dúbida é o mellor dos tres, xa que é no que se desenvolve a historia da que se fala despois nos seguintes. Del dise:
"Unha trama brillante e un ritmo perfecto... unha novela futurista moi boa." *The New York Times*.
"Fascinante e imaxinativa" *Los Ángeles Times*.

EN LLAMAS



A historia segue sendo igual de entretida e aditiva, segues sen poder despegarte das súas follas. Del dise:
"Tan aditiva, emocionante e crítica como a primeira parte. Sen dúbida conta cos elementos necesarios para converterse nun clásico." Javier Ruescas, blog *El cazador de libros*.

SINSAJO

A min decepcionoume un pouco o final, pero aínda así se te consideras romántico non te podes queixar. Del dise:
"E aquí un estupendo relato de aventura física, política e romance." Booklist.

SUZANNE COLLINS

A guionista e escritora xuvenil americana xa leva publicados uns cantos libros e algunha que outra saga:

-Cuando Charlie McButton perdió el poder.
-La prueba de fuego: Shelby Woo.
-Las Crónicas de las Tierras Bajas.

Ademais da miña triloxía favorita ata o momento:

LOS JUEGOS DEL HAMBRE

OUTRAS SUXERENCIAS

EL CIRCO DE LOS EXTRAÑOS, de Darren Shan

Un día que comezou como normal fixo que a vida de Darren Shan cambiara por completo. Todo comezou por ir a un espectáculo de estraños que viña á súa cidade, no que viu máis do que tiña que ver...

A novela está narrada en primeira persoa polo que o autor firma como o protagonista: Darren Shan.

Este volume contén tres dos doce libros que forman a saga.

A TRES METROS SOBRE EL CIELO, de Federico Moccia

A coñecida novela do italiano Federico Moccia é só apta para os románticos de pés a cabeza, ós que lles encante unha historia de amor polas rúas de Roma, onde Step (un rapaz duro o que parece que nada nin ninguén lle importa) e Babi (unha rapaza rica e boa, á que o amor cambia por completo) se namoran.

Este libro ten unha continuación chamada "Teño ganas de ti".

CANCIONES PARA PAULA, de Blue Jeans

Unha novela que comezou en internet e acabou impresa en papel.

Conta a semana na que a vida de Paula parece estar volvéndose do revés, porque descubre que tres rapaces están namorados dela.

Paula ten a cabeza feita un lío e non sabe por cal decidirse... Para descubrilo haberá que ler "Sabes que te quero?".

O autor firma como: Blue Jeans (Francisco de Paula Fernández).

OSCUROS, de Laure Kate

Luce é unha rapaza acusada de asasinato que pode ver unhas estrañas sombras, cousa que mantén en segredo, a causa diso ten que ir a un reformatorio, onde se atopa con Daniel o seu amor eterno, mais ela aínda non o sabe. Acabará descubrindo que Daniel non so lle sona de algo, se non que é un anxo do que se namora en todas as súas reencarnacións. Pero sempre que se atopan algo ocorre e vólvense a separar...

Pasará esta vez o mesmo?

Aínda que a día de hoxe moitos autores se decantan por iso do amor eterno, sorprendeume que non usara como lugar dos feitos un colexio ou unha cidade se non un reformatorio, e que o ser inmortal que incluíra non fose un vampiro, se non un anxo.

+ aNobii.com

É unha rede social para lectores. Nela, poderás organizar a túa propia biblioteca on-line, puntuar os libros, comentalos, coñecer xente cos mesmos gustos, participar en foros…

Libros por **Carmela Cela**

Páxina web por **María Melle Goyanes**

ENTREVISTA A DOMINGO VILLAR

"Deixarei o personaxe de Leo cando non me quede nada nel por descubrir"



Domingo Villar naceu en Vigo en 1971. Antes de comezar a escribir "profesionalmente", traballou como crítico gastronómico na radio, guionista e colaborador en varias publicacións.

Este galego emigrado a Madrid de cativo, deuse a coñecer en 2006 coa novela policiaca **Ollos de Auga**; obra que, tras ser rexeitada por varias editoriais galegas, foi publicada finalmente en castelán por *Siruela*.

En Ollos de Auga, o inspector *Leo Caldas* e o seu axudante *Rafael Estévez*, investigan o estrano asasinato dun saxofonista na illa da Toralla. A intriga segue con **A praia dos afogados**, desta volta, Caldas e Estévez terán que investigar a morte por presunto afogamento dun mariñeiro na ría de Panxón. A continuación das aventuras de Caldas sairá ao longo deste ano.

Para este número 11, decidimos que o autor entrevistado fora Domingo, polo que nos puxemos en contacto con el. Deseguido nos chegou a súa contestación, na que se animaba de boa gana a participar no Aquí e Agora. E velaquí tedes o resultado: unha entrevista co pai de Leo Caldas.

Como xurdiu a idea de crear a saga de Caldas? Que libros te influíron para creala?

En realidade, cando comecei a escribir Ollos de auga –que é a miña primeira novela– non sabía se alguén querería publicala, así que o de pensar nunha saga era pura ciencia ficción.

En canto ás influencias literarias, supoño que case que todas as lecturas deixan algo no lector. Non sei ben quen me influíu máis, pero si sei que o teño pasado moi ben lendo a Joseph Conrad, a John Irving, a Camilleri, a Rivas, a Graham Greene, as historietas de Astérix...

Ata onde chegarán as aventuras de Leo?

Supoño que ata que contar unha historia con Leo Caldas coma protagonista deixe de ser unha aventura chea de incertezas. Cando non me quede nada nel por descubrir deixarei o personaxe.

Alba case non sae ao longo das novelas, pero sen embargo parece estar moi presente na vida de Leo. Que nos podes contar do "pasado" de Leo e Alba? Que pasará con ela?

Alba é como a *Rebeca* de Daphne du Maurier, que non ten corpo pero está presente nos pensamentos e as accións dos outros.

O asunto entre Leo e Alba e o dunha parella que despois de moitos anos decide separarse, voluntariamente pero con moita dor. A razón é que Alba (cuxo reloxo biolóxico non deixa de avanzar) quere dar un paso adiante e formar unha familia, mentres Leo, que non foi un neno feliz, négase a ter fillos. Non quere esa

responsabilidade. O asunto ten a suficiente envergadura para que, a pesares de seguir vivos o amor e a atracción física, a parella non poida seguir xunta.

"Cando volvo a Vigo son eu quen vai a tomar os viños a O Elixio"

A última vez que estivemos por Vigo de excursión, recordamos as aventuras de Caldas. Incluso estivemos comendo en Samil, pero non tivemos oportunidade de entrar na Toralla, xa que é unha illa privada. Sen embargo, pese a que o buscamos, non conseguimos atopar O Elixio. En que zona de Vigo se atopa? Por que Vigo como "centro de operacións" e non outro sitio?

O Elixio, como ben sabe Caldas, atópase na Travesía da Aurora, unha canella pequeniña que sae da rúa do Príncipe, case aos pés da estatua do Sireno. Está medio oculto, pero ¿alguén viu algunha vez un tesouro exposto á vista de todo o mundo?

Vigo é o epicentro das miñas novelas porque eu nacín e crecín alí, coñezo ben a cidade e a súa xente. Ademais, cada vez que me poño a escribir podo viaxar a casa e facer o que faría se estivese de volta. De feito, Caldas só acude ao Elixio mentres eu estou en Madrid. Cando volvo a Vigo son eu quen vai a tomar os viños alí.



Ao comezo de cada capítulo dos libros, citas unha definición de dicionario dunha palabra determinada que está relacionada co que acontecerá nese capítulo, por que? Que criterios utilizas para escollela?

O das palabras do encabezamento é un pequeno xogo. Sempre hai unha acepción que se pode atopar escrita nalgún lugar do capítulo, e sempre hai outro significado (polo xeral máis abstracto) que sobrevoa o capitulo todo, e suporía o verdadeiro título.

Non utilizo criterio ningún para escollelas palabras. Simplemente aparecen. O único que fago eu é estar atento para cazalas antes de que escapen.

Lemos por aí que Ollos de Auga vai ser levada ao cine, é certo? Que nos podes contar ao respecto?

Finalmente non se vai facer a película de *Ollos de auga*. En cambio si se vai adaptar ao cine *A praia dos afogados*. Vaino producir a mesma xente que gañou o Óscar en 2010 por *El secreto de sus ojos*. Oxalá lles saia igual de ben.

Todo o que tes publicado ten que ver con Leo Caldas, pero imaxinamos que non todo o que tes escrito. Gardas algo nun caixón que non teña que ver co inspector? Hai plans de publicalo?

Non teño máis novelas escritas que as dúas publicadas: *Ollos de auga* e *A praia dos afogados*. Ao marxe teño escrito non poucos contos. Uns están publicados en antoloxías e outros os gardo para min. Algunhas veces son novelas abortadas nos primeiros días da xestación. Ah, e tamén publico pequenas historias cada dous domingos en La Voz de Galicia.

"O que recibín das editoriais galegas foron respostas ambiguas"

Nun principio, non foi sinxelo atopar unha editorial que publicara Ollos de Auga, entre as que se negaron, estiveron varias editoriais galegas. Como te tomaches as negativas? Supuxo unha maior satisfacción despois, ao ver o éxito da novela?

Máis ca negativas, o que recibín das editoriais galegas foron respostas ambiguas. Ou sexa: nin si nin non.

Tanto se demorou a cousa que tiven tempo de traducir a novela ao castelán e presentala a varias editoriais de Madrid e Barcelona. En realidade a resposta positiva foi case simultánea dende varias editoriais nas dúas linguas. A pequena diferencia é que en galego presentara o libro un ano antes.

Lendo as novelas e sabendo que vives en Madrid non podemos evitar pensar que a súa escritura é unha especie de tratamento contra a morriña. É así?

Por suposto que é terapéutica. De feito, cando escribo non estou en Madrid.

"Recibín a carta dun home de 94 anos que quería ler outro libro meu antes de morrer"

Que che fai máis ilusión? Un premio outorgado por lectores (Frei Martín Sarmiento) ou por un xurado (Brigada 21)?

En realidade eses dous premios son outorgados por lectores: o Frei Martín Sarmiento polos rapaces de secundaria dunha chea de colexios, e o Brigada 21 pola asociación de lectores de xénero máis importante de España.

En calquera caso, ilusión fan todos os recoñecementos, e non só os públicos.

Se cadra, o premio que máis me ten emocionado foi unha carta dun home de 94 anos que me pedía que fixese o favor de escribir pronto a seguinte novela porque quería ler outro libro meu antes de morrer.



A terceira entrega está ao caer. Poderíasnos amosar algunhas liñas do que pasará ou contarnos algo da historia?

O libro fala da desaparición dunha muller de trinta e poucos anos que vivía soa nunha casiña xunto a unha praia, na banda norte da ría de Vigo. Todas as tardes, esta muller collía o vapor no porto de Moaña e cruzaba a ría de Vigo para asistir a unha clase de cerámica na cidade, na Escola de Artes e Oficios, onde tamén hai pintores, músicos e luthiers.

Agradecémoslle moito a Domingo que nos concedera un anaco para contestar as preguntas, máis agora que está a voltas coa terceira entrega de Caldas.

Entrevista realizada por:
Sandra López Pereiro e **María Melle Goyanes**

LETRAS GALEGAS 2011

letras galegas 2011: lois pereiro

Reportaxe e entrevista de **Goretti Valiña Vázquez**



"Cuspídeme enriba cando pasedes por diante do lugar onde eu repouse, enviándome unha húmida mensaxe de vida e de furia necesaria."

(Lois Pereiro ten este célebre páragrafo dun dos seus poemas, como epitafio gravado en pedra na sua tumba en Santa Cristina de Viso, O Incio)

VIDA

Lois Pereiro (1958-1996) de nome completo: Lois Sánchez Pereiro. Nado en Monforte de Lemos e morreu na Coruña polo envelenamento do aceite de colza, no mesmo dia que se coñecía a súa sentenza.

Con 17 anos desprazouse a Madrid onde cursou política e fundou a revista *Loia* xunto con Manuel Rivas e Antón Patiño, publicando só catro números. Nesta publicación introducíronse poemas do escritor monfortino que, posteriormente, serían recollidos en *'Poemas para unha loia'* (1996), libro no que se inclúe o ensaio *'Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infama'*, dado a coñecer ese mesmo ano nas páxinas da revista *'Luzes de Galiza'*.

De regreso a Galicia, Lois Pereiro compaxinou profesionalmente o exercicio da tradución coa labor poética e contribuíu coas súas aportacións a artellar varias antoloxías colectivas.

OBRA

En vida, publicou dúas obras: *'Poemas 1981/1991'* e *'Poesía última de amor e enfermidade'*, nas que a institución académica ve "*evidentes pegadas expresionistas*", así como referencias "*á literatura xermánica*" e certos trazos de contracultura.

A RAG sinalou que Pereiro cultivou dende os seus inicios "*unha imaxe e unha estética*" que fixeron del "*un autor de culto*". "*Cartografeou coma ninguén o labirinto do mundo contemporáneo conciliando o individualismo escéptico coa tradición demoledora do expresionismo centroeuropeo*", engadiu o presidente da RAG, Xosé Luis Méndez Ferrín; ofertou unha roda de prensa na que reivindicou o "compromiso" da súa obra, "a temática e forma", así como o seu carácter "contemporáneo".

Caricatura de Lois por Séchu Sende

O corredor de fondo perde o alentó

Fuxindo dunha vida inzada de renuncias

da súa liturxia obesa e oleosa,

mediocre nos seus comunais fracasos,

bágoas de xelo, indignación contida

non deu chegado a tempo de exercer

a súa rebelión,

nin de levar a cabo

a súa vinganza definitiva

contra un mundo inxusto, homicida, e cruel,

pola inutilidade da súa propia vida

solitario, enfermo e fatigado,

a morte anticipouse e chegou antes.

"Poesía Última de Amor e Enfermidade 1992-1995".
De Lois Pereiro, outono do 95.

Para rematar déixovos unha entrevista, que amablemente, accedeu a contestarme o irmán de Lois Pereiro (Xosé Manuel Pereiro), para coñecer algo máis a este autor do "2011":

Gústaballe escribir ao seu irmán de neno?
De pequeno gustáballe xogar, como a todo o mundo, pero sobre todo ler. Empezando polos tebeos (que era como se lle chamaba aos cómics daquela) e Tintín, e os clásicos xuvenís que tiñan nas páxinas pares un resumo en cómic da historia, e logo xa libros. Empezou a escribir aos 15 anos, e os primeiros poemas regaláballos ás compañeiras de clase. Logo pedíallos para retocalos.

Traballaba en algo máis, ou só se adicaba a escribir?
Traballo un tempo na cristalería de meu pai, pero logo dedicouse sobre todo a facer dobraxe das series e películas para a televisión, do francés e sobre todo do inglés. Para a TVG traducíu por exemplo, episodios de "Kung Fu" e do culebrón "Dallas", que daquela era un fenómeno.

Como recibiron a noticia de que lle ían adicar as Letras Galegas?
Moi ben claro, porque supón un recoñecemento ante todo á calidade da súa escrita, porque a el non lle prestaban moito os círculos literarios, non se afacía neles, prefería a compaña da xente "normal" e nunca fixo carreira literaria. Na familia alegrámonos porque é unha oportunidade de difundir a súa obra, que é o que todo escritor quere.

Vostede tamén escribe?
Desgrazadamente, si, moito máis do que quero, porque son xornalista. Pero non escribo que se chama ficción. Soamente o que pasa ou o que penso, que non é pouco.

Cóntenos algunha anécdota, costume ou manía que crea simpática, do seu irmán.
De rapaz, recitaba poesías en francés, para ligar. Cando empezou a falar coa que sería a súa moza, díxolle: "Nunca escribirei en castelán. Como Manuel Antonio, publicarei un libro e morrerei novo".

Moitas grazas a Xosé Manuel pola súa colaboración.

DIME QUE SUSPENDÍAS

No número anterior de Aquí e Agora metémonos na sala de profesores para preguntarlles aos seus habitantes que música escoitaban cando aínda eran alumnos. Desta volta, repetimos a xogada pedíndolles que nos falasen dos seus suspensos e doutros aspectos da vida de instituto. Os valentes foron **Ramón Noche**, **Ana Dopazo**, **Ana Belén Durán, Esperanza Camiñas** e **Carlos Mendaña** e o resultado son os textos que ocupan esta páxina e as tres seguintes.

RAMÓN NOCHE

Ciencias Sociais



A miña materia odiada eran, sen ningunha dúbida, as matemáticas. Suspendín algún exame no instituto e lembro que un dos mellores momentos no Instituto foi cando, por fin, puiden deixar para sempre as condenadas matemáticas ao escoller as materias de 3º de BUP (o equivalente ao actual 1º de Bach). Debo recoñecer que non lles prestaba a atención necesaria e que a miña cabeza non está moi configurada para os números, pero iso non foi escusa válida na miña casa e non quedou outra que dedicarlle horas e aprobalas. A física tamén foi algo duro de roer, era ver un deses problemas de trens do punto A ao punto B e do punto B ao punto A con movemento rectilíneo uniformemente acelerado e botarme a tremer...

Hoxe penso que foi un erro pola miña parte non tentar comprender máis as matemáticas en particular e as ciencias en xeral, xa que son algo indispensable e que en numerosas ocasións boto en falta.

En canto a materias favoritas, sempre me gustaron as Ciencias Sociais e a Literatura, a Lingua menos porque tanta morfoloxía e sintaxe eran algo tortuoso. En canto ás materia nas que arrasaba, tiven unha profesora de Latín moi boa e esixente en 2º de BUP que fixo que todos os da clase tivésemos un nivel moi alto, case lle poderíamos dar a réplica a Cicerón nos seus discursos.

ANA DOPAZO

Lingua Castelá

Supoño que todos os profes diremos o mesmo, pero a verdade é que nunca suspendín; polo menos, segundo o que eu entendo por suspender: deixar algunha materia para setembro. A miña vida académica no instituto é, por tanto, bastante aburrida.

Lembro que en primeiro de BUP custoume moito aprobar Matemáticas (suspendín varios exames). Tiven que ir a clases particulares, mateime a estudar, pero ó final aprobei. Por esta razón, cheguei a odiar esta materia; pero todo cambiou no curso seguinte, xa que conseguín un sobresaliente sen facer nin a metade de esforzo.

A miña devoción pola lectura empezara xa na escola de primaria (a chamada EXB) e, aínda que non se me daban demasiado mal as ciencias, tiña moi claro cal era o camiño que ía elixir: o bacharelato de letras puras (latín, grego, literaturas...).

As linguas sempre se me deron moi ben, pero, sobre todo, amaba a literatura: a través dos libros podía viaxar, voar, soñar, rir, chorar, vivir outras vidas..., e isto era algo máxico para min. Ademais, tiven a sorte de ter uns extraordinarios profesores de Literatura, que alentaron ese amor polos libros.

Como dato curioso, direi que as miñas únicas matrículas de honra (que daquela se daban por materia) foron en Física e Química de 2º e en Fogar de 3º, aínda que as mellores notas, en xeral, obtívenas en COU.

Para rematar, supoño que vos gustaría que falase dalgún profesor, sobre todo se é para criticalo: como nos mola a carnaza, eh? Pois non o farei, porque ata dos que me fixeron sufrir gardo algún recordo entrañable e, ademais, porque agora estou do outro lado e sei que este labor pode ser marabilloso, pero tamén moi ingrato.



ESPERANZA CAMIÑAS

Lingua Galega

Ante todo teño que dicir algo aínda que vos resulte chocante, pero é a realidade: Eu no instituto nunca suspendín ningunha materia, non souben o que era estudar no verán até que cheguei á Universidade. Claro está que había materias que me gustaban máis ca outras, pero sabía que tiña que aprobar todo e non se me pasaba pola cabeza o feito de deixar algunha. Na casa sempre nos inculcaron que tiñamos que estudar e iso non se cuestionaba. Lembro que meus pais nos dicían que o traballo deles era ternos atendidos e o noso e era "cumplir nos estudos" e non había volta de folla.

O que si me axudou moito á hora de estudar foi que eu sempre me encontrei moi a gusto no instituto; para min o centro foi un lugar de encontro cos amigos e sempre tiven moi boa relación cos compañeiros e cos profesores (con algúns mellor). Tamén cabe dicir que normalmente estudaba con algunha compañeira, xuntabámonos na casa dunhas ou doutras e entre bromas, risos e demais todo era máis levadeiro. E como os resultados eran bos non nos poñían moitas pegas. Incluso nos valía para facer algunha que outra escapada, pero iso xa é outra historia.

En canto ás materias que menos me gustaban, non soportaba a física; pero tiven a sorte de que en 2º e 3º de BUP ían xuntas física e química e ao final a química (que si me gustaba) axudábame a subir a nota media. A materia que máis me gustou no bacharelato foi o francés, aínda hoxe lembro anacos completos de textos que viñan no libro e que repetiamos até que a pronuncia fose perfecta. Tamén lembro cando as profesoras nos falaban da cultura francesa, de lugares de Francia... sobre todo París! Eu soñaba con viaxar e coñecer todos aquilo e poder entenderme con aquela xente e para iso, estudaba e lía.

Cómpre dicir, nesta altura de confesións, que eu fixen o bacharelato por Ciencias, ciencias puras, e foi en COU cando decidín facer Filoloxía, até ese momento as miñas opcións eran Químicas ou Farmacia (ou sexa que non todo era claridade na miña cabeza). Lembro un profesor de historia que durante ese verán cada vez que me vía pola rúa preguntábame machaconamente: Esperanza, estás segura do que vas facer?, E claro que o estaba. Non me arrepentín.

ANA BELÉN DURÁN

Lingua Castelá

Gustoume tanto a vida do bacharelato que creo que para seguir gozando dela, decidín que só tiña unha opción... E aquí estou.

Naquel entón, o bacharelato supoñía a ampliación dos nosos horizontes: había que trasladarse á vila, tiñas que lidar con multitude de profesores, novas amizades, periiiiiiiigosssss... Acudiamos con certo medo, medo alimentado por moitas lendas urbanas sobre a libertinaxe que imperaba naqueles macrocentros nos que se impartía o bacharelato (novatadas, falta de control, amizades perigosas, etc, etc, etc...), pero aprendiamos rapidamente a desenvolvermos naquela xungla, coma sempre. Para min, que ía dun pequeno grupo escolar dun pobo cativo, o cambio foi considerable; pero os meus hábitos non sufriron grandes cambios. Cheguei e vin, e adapteime e foime ben , moi ben. E aínda que as materias que máis me gustaban eran de humanidades, sempre tiven bos resultados en matemáticas e física. Así que máis que falarvos de materias concretas, compartirei con vós algunhas lembranzas daquel antonte que tampouco é tan diferente do que vós estades a vivir:

DE PROFES

Cando penso nas clases, ás veces venme á memoria a película de *Gorilas en la niebla*; porque así transcorrían moitas: tralo expesor branquecino do fume que emitían algúns ilustres profesores daquel tempo. Chegaban e, antes de sacar os apuntes que, por suposto, ían ditar escrupulosamente, acendían o seu cigarro. Cigarro que viña sendo coma un símbolo do seu poder (nós non podiamos) e que cando chegabas á universidade e cho permitían nos exames, enchíaste dunha escura ledicia que coido tiña moito que ver con aqueloutra estampa.

Psicosis ante os exames. Sempre houbo *ósos duros de roer* que xeraban regueiros de lendas catastróficas.

Non eran máis ca iso: lendas.

Conversaciones en la catedral é un bo título que resume as moitas conversas mantidas cos pacientes profesores (ós que non sempre houbo ocasión de llo agradecer) que nos permitiron ampliar as nosas miras: con eles e deles aprendemos a interesarnos

CONTINÚA NA PÁXINA SEGUINTE

polo ancho mundo que nos rodeaba: a prepotencia ianqui, a tentación do comunismo, o movemento pacifista, a paranoia lingüística do noso país, a ameaza nuclear, o mercado común, a loita sindical... Estes e outros temas foron incorporándose así ás nosas conversas de café (outro descubrimento!) que nos permitían estrearnos como adultos.

DE LIBROS

Sei que foi nesta etapa cando se consolidou a miña vocación lectora e cando vislumbrei a transcendencia da literatura

Os primeiros contactos con Machado: as reflexións sobre a esencia do noso ser, sobre a nosa grandeza e insignificancia, sobre a importancia que cada momento por irrepetible... O mergullo nos pregues da nosa alma, o sentimento de soidade... Descubrir que amar e sufrir son as dúas caras da mesma folla... Distanciarse para non chorar e rirse dos demais, dun mesmo... Quevedo, Valle, Curros e Castelao e Rosalía...

A música de Brassens, a canción protesta... Dostoiewski e La regenta, La vida es sueño, San Manuel Bueno, El árbol de la ciencia, o medo de Martín Marco, Tiempo de Silencio, Señas de identidad, El tragaluz, Cien años de soledad.

Lecturas para medrar e aprender a interpretar a complexidade que nos caracteriza, para aprender a pensar e a pensarnos . Para achegarnos á vida tamén dende os libros.

DE MARCHA *(Como din agora no Val do Mao: "Que me quiten lo bailao")*

Fiebre del sábado noche resumiría moi ben a epidemia que se ía desatando a partires do segundo curso. Para sandala inventouse a excursión de terceiro e, xa sabedes, que... se bailes para recaudar fondos,... que se o primeiro Nadal e... xa logo ; o entroido... Escusas para iniciármonos na atractiva vida que a noite ofrecía. Aquel mes de abril fomos a ¡Mallorca! (o paraíso para os estudantes do bacharelato naquel momento) da man de PISTONES e o seu tema "El pistolero" .

Foi , como dicía ó primeiro, unha etapa na que todo tiña olor a novo. Un aroma que, ás veces, cando vos miro, aínda son capaz de paladear bebendo na nostalxias das lembranzas.

CARLOS MENDAÑA

Filosofía

A verdade é que non teño moitas lembranzas do meu paso polo instituto, as miñas inquedanzas estaban case que todas fóra do ámbito estritamente académico. Daquela tocoume vivir na que despois sería chamada "transición", é dicir, que moitos fascistas tiveron que "transitar" polo camiño de Damasco para se converteren en demócratas e, deste xeito, conservaren o seu statu quo; os demais xa o eramos. Xa que logo, o ambiente, tanto na rúa como nas aulas, estaba moi politizado, porque se devecía pola democracia e por construír un país moderno e democrático. Lémbrome que cada 15 días tiñamos unha folga, ben de profesores ou ben de estudantes, a destes case sempre contra a selectividade, aínda que había outras máis políticas. Iso provocou que non houbese moita continuidade nas clases e acabou por nos prexudicar a todos. Só nos últimos cursos a política pareceu acougar; mais apareceu, e estou certo que non por casualidade, a droga ilegal. Ende mal, a miña xeración foi decimada por mor das drogas e perdín paseniño, mais para sempre, a moitos compañeiros e amigos.

Foi ao chegar ao instituto cando me dixeron que na escola fora moi mal aprendido en inglés e máis en física, cousa que eu non sabía porque traía boas notas da escola, así que tiven que facer moitos esforzos para atinxir o nivel de esixencia do Bacharelato. daquela BUP.

Non destaquei en ningunha materia e en moitas tiven que me esforzar dabondo para as poder aprobar. Os meus pais, grazas á súa convicción e determinación, empurraron moito para que non me distraese noutra cousa que non fose estudar.

Lembro que me resultaban insoportábeis as clases de relixión, música, debuxo e filosofía.

A música era un auténtico martirio, porque un día copiabamos un ditado e na seguinte clase pasabamos todos pola palestra a recitar de memoria o copiado anteriormente e o que non o sabía volvía ao pupitre até que o soubese todo coma un papagaio. Sobre a relixión, que vos vou contar que non saibades. Debuxo, ende ben, só o tiven que traballar en primeiro de BUP; endexamais ninguén me ensinou a debuxar ou pintar e nunca nos dixeron claramente que querían que fixésemos, agás copiarmos nunha lámina ou cartolina o debuxo dalgunha páxina do libro que logo había que entregar. A filosofía é outra historia, a filosofía parecíame interesante, o que non soportaba eran aquelas clases nas que o profesor lía o libro de texto coma un monxe os salmos no refectorio, é dicir, ti come e cala.

CONTINÚA NA PÁXINA SEGUINTE →

Na miña casa había un par de libros de filosofía: *Así falou Zaratustra* e *O manifesto comunista*. Eu lera aqueles libros, mais non sabía que facer con aquel coñecemento, porque non encaixaba con nada do que se dicía en clase, en COU só chegaramos até Hegel. Lembro que un bo día, tería uns 17 anos, no canto de mercar libros de literatura para entreterme merquei tres libros de filosofía, que aínda conservo con moito agarimo: *O anticristo* de Nietzsche, *O amor, as mulleres e a morte* de Schopenhauer e *A evolución do meu pensamento filosófico* de Russell, os dous primeiros parecéronme moi divertidos, para enmarcar o último capítulo de *O anticristo* porque é para esmendrellarse de risa, se tes o mesmo sentido do humor ca min, claro, nomeadamente o artigo cuarto significou a última martelada que derrubou o mundo hipócrita da miña infancia. O terceiro libro é sinxelamente brillante, para min foi unha auténtica propedéutica á filosofía. Logo, ou antes, xa non me lembro ben, un os *Diálogos* socráticos de Platón para axudarlle a facer un traballo a un amigo e o seu pai preguntoume se me atrevería a ler a *Crítica da razón pura* de Kant, contestei que para ler ese libro necesitaba estudar primeiro a carreira de filosofía.

Por outra banda, para min eran moi interesantes a lingua e literatura, a historia, a xeografía, o latín, a xeoloxía e algunhas partes da matemática.

O latín era moi divertido e até me gustaban os exames, nalgunhas partes é moi bo para comprender a lóxica, pero tamén tiven que estudar moito. A literatura era fascinante, non tanto a gramática, mesmo a análise de frases era un pouco aburrida, pero os textos de literatura parecíanme prodixiosos e moi divertidos, gustábame moito a poesía e, sobre todo, o teatro, talvez por iso me gustan os *Diálogos* de Platón, tan teatrais eles. Seica aos meus profesores lles gustaban as miñas redaccións, dicían que eran moi orixinais, mais nunca me cinguía ao tema, talvez por iso eran orixinais, non si? A historia e a xeografía parecíanme moi interesantes, unha explicaba de onde vimos e a outra quen somos e como vivimos, da primeira aprendín que os pobos créanse pola mestura das xentes e que as guerras nunca solucionaron ningún problema, ao contrario, só adiaron a súa solución; da segunda, que hai outros pobos e outras culturas e que o camiño da tolerancia ao diferente e a cooperación intelixente pódenos axudar a entendernos, asemade que a resolver os nosos problemas económicos e político-sociais.

Aprendín por que os galegas eramos un pobo pobre e por que moitos dos nosos veciños tiveron que emigrar; e que grazas a países centroeuropeos e americanos, principalmente, puideron tentar saír da miseria e da fame e prosperar nesoutros países, así comprendín por que parte da miña familia tivo que emigrar e tamén por que os meus veciños do piso de enriba marcharan a Australia.

Tamén aprendín que non todos marcharan por causa da fame, senón da peste fascista, e que por aquel entón comezaban a retornar do exilio, o que non me dixeran é que moitos non foran exactamente ao exilio. A xeoloxía fascinábame, resultábame todo moi interesante. Foi o meu espertar á ecoloxía, e descubrín que a terra non é ese chan duro coma o granito que pisamos todos os días, senón que está "viva" e que a ternos que coidar, simplemente porque é a nosa casa. Unha casa en que os continentes se desprazan, no que hai terremotos e volcáns e que deses procesos endóxenos xunto coa acción mecánica da erosión producida polo clima, o mar e os ríos configuran a nosa xeografía e as nosas marabillosas paisaxes. E, finalmente, as matemáticas, esa marabilla da razón humana na que todo parece encaixar cunha orde harmónica, fixádevos se non na trigonometría, mais, asemade, tamén garda os seus misterios como os paradoxos aos que leva o concepto de infinito que Cantor case que chegou a dominar; os números irracionais con eses dous senlleiros números que, curiosamente, represéntanse por letras gregas como son π e Φ, o número áureo; tamén me gustaba moito a teoría de conxuntos e aqueles diagramas de Venn que tan útiles me foron despois para comprender as categorizacións das entidades ontolóxicas. Certo é que tamén ten as súas partes aburridas, vaia, ou iso paréceme a min.

Para min, finalmente, o máis apaixonante do Bacharelato foron as amizades, o compañeirismo, e as inesgotábeis discusións sobre todo canto nos rodeaba, dende a política ao cine. Coido que é certo que non todo está nos libros nin na educación, mais sen os uns e sen a outra non poderiamos desenvolver a nosa intelixencia e, xa que logo, ser humanos.



EXCURSIÓN A FONTECELTA!

Dous alumnos de 1º de secundaria, **Miguel Gallego Saavedra** e **Manuel López García**, aproveitaron a excursión a Fontecelta para facerlle unhas cantas preguntas ao xefe de mantemento.

Como se chama vostede? Santiago.

Onde vive? Aquí en Vilachá,Samos.

Onde traballa? En Fontecelta

Cantos anos leva traballando alí? 26

Cal é o seu traballo alí? Xefe de mantemento.

En que consiste?

Consiste en facer premantemento das máquinas e tamén instalación de máquinas novas.

Cantos traballadores ten Fontecelta? 64

Cre vostede que a auga de Fontecelta é boa?

Si, é moi boa.

Porque?

Porque é unha auga de moi pouca mineralización e ademais é de manantial natural.

Que características ten a auga de Fontecelta que non teñen as outras?

Primeiro que é de aquí, da provincia, que xa é moito, e despois que é unha auga mineiro-medicinal Antes de ser embotellada na fábrica xa estaba considerada medicinal, pois dicían que curaba a sonase e enfermidades da pel.

O manancial está alí mesmo ou vén de máis lonxe?

Está alí mesmo e pódese ver un pozo dentro da fábrica e outro ao lado que é onde se extrae.

Teñen 100 m de fondo, pero a bomba que quita a auga ten 35m, estando sempre o nivel da auga a 7 m, e iso que se gasta moita porque senón botaba fóra.

É verdade o que se di de que lle afectan as mareas ao manancial?

Pois cando era charca si, botaba fóra dependendo das mareas, pero agora que está en pozo non se nota e non bota fóra.

Como é o proceso de tratamento da auga, engádenlle algo?

Só lle engadimos algo de desinfectante por onde pasa.

O proceso consiste en que sae do pozo pola bomba, vai a uns depósitos inox, pasa por uns filtros de area e carbón, filtros bacteriolóxicos se chaman, e despois pasa de novo a depósitos que

outras bombas levan ás enchedoras, e de alí vai á botella.

Como é o proceso de embotellado?

A botella vén en preforma,é dicir, un envase moi pequeno que por medio de soprado en quente e moldes faise a botella, de terzo, de litro e medio, de 5 litros etc. Esta vai por unhas cintas á enchedora, logo á tapoadora, despois á etiquetadora, á envolvente, retractiladora que serve para retractilar o plástico contra as botellas formando un pack.

As botellas que non van en pack,van ás caixas de cartón.

Despois pasan pola máquina de asas que as pon para agarrar o pack,despois van ao paietizador que agrupa os packs ou caixas nos palés. Despois pasan pola enfardadora que envolve o palé para transportalo con máis seguridade. Ese é o final de liña, unha carretilla quita os palés e méteos nun andel que logo cargan nos camións para ir ás tendas ao punto de venta.

A fábrica coida o medio ambiente?

Si, por suposto, procura aforrar enerxía, fai reciclase de refugallos e a botella é eco-verde.

Vostede consume auga Fontecelta ou da fonte?

A verdade é que eu particularmente gástoa da fonte, porque a teño na casa onde vivo e tamén por tradición.

Bebe do manancial de Fontecelta cando vai traballar alí ou da botella?

Do manancial non, porque esta auga ao ser mineromedicinal non sabe ben e trae olores, por iso alí béboa da botella.

Envasan auga con gas? Si.

Cal é o proceso?

Arrefriamos a auga a -4° C para que se mesture o $C0_2$ con ela a unha presión de 2 bares e logo a embotelladora fai o resto. Envásase nun plástico especial de cor verde que é moito máis resistente có outro.

O MUNDO DO XOGRAR

Diego Rego Pérez

"A historia evita que te estafen e aporta autonomía"

Goretti volve ás andadas e desta volta é o profesor de Ciencias Sociais, Diego, quen se somete ao seu "interrogatorio":

Canto tempo levas neste instituto?
Dende o mes de Setembro do ano 2007, vai xa para 4 anos.

En cantos institutos estiveches antes ca neste?
Este é o sexto centro no que traballo. Antes estiven en Yepes e Mora de Toledo (ambas vilas na provincia de Toledo), en Balazote (provincia de Albacete), en S. Uxía de Ribeira, e en Santiago de Compostela.

"Un alumno preguntoume se eu era `El Sevilla´"

Como foi o teu primeiro día dando clase no primeiro colexio que estiveches?
Pois moi apurado xa que o día anterior, a media tarde, cando me avisaron que tiña que incorporarme, estaba coa miña moza en Lugo. Tiven que volver en bus a Ourense, facer a maleta, fun cear cun amigo que, como eu marchaba, adiantou a celebración do seu aniversario, coller un tren pola noite a Madrid, a primeira hora da mañá outro tren a Toledo e un amigo levoume no seu coche de Toledo ó instituto, que estaba a 30 kilómetros. Foi un día cansado no que todo o mundo comentaba o 1º aniversario dos atentados do 11-S.

Diego facendo amigos en Jaipur (Rajhastán, India)

Algunha anécdota graciosa que queiras contar que che pasara con algún alumno?
A máis divertida que lembro pasoume en Balazote cando un rapaz de 4º de ESO preguntoume con moito cachondeo e sen ánimo de ofender, se eu era "O Sevilla", o cantante do grupo de música "*Mojinos Escozíos*".

"Aprendín a ler e escribir con libros que falaban de historias pasadas"

Cal foi o momento que peor o pasaches na túa profesión? E cal o mellor?
Os mellores momentos son aqueles nos que, despois de estudar e traballar nunhas circunstancias moi complicadas, ides superando materias. Os peores son aqueles nos que un rapaz pasa polo instituto pero o instituto non pasa por el.

Apaixoouche dende pequeno a historia?
Si. Aprendín a ler e escribir con libros que falaban de historias pasadas que nos ensinaba o meu pai a min e os meus irmáns cando éramos pequenos, e un dos obxectos cos que máis xoguei de cativo era un globo terráqueo.

Que opinas dos cambios que se están levando acabo no sistema educativo (máis clases en inglés, plan Bolonia...)?

Dar algunhas clases en inglés creo que na teoría non é una mala idea. Coido que, no mundo no que vivimos, coñecer o inglés é una chave que abre moitas portas, amplía enormemente as experiencias; e as experiencias son unha fonte de riqueza individual e colectiva inmensa.

A reforma universitaria é necesaria e urxente. A finalidade da mesma (o que se chamaba o 3º Ciclo Universitario) era a formación de investigadores. Iso non se traslada á vida real: neste país apenas creamos coñecemento, nos limitamos a reproducilo, formamos poucos investigadores competentes, e isto explica a "fuga de cerebros". A creación do Espazo Europeo de Educación Superior pode servir para aprender da experiencia de outros modelos universitarios e mellorar, pero non pode ser una escusa para eliminar as oportunidades de acceso á mesma de persoas que non dispoñan de medios.

"Mellores instalacións e máis actos festivos"

En que aspectos cres que axuda o coñecemento da historia na vida actual?

En xeral, a Historia, como calquer outro coñecemento que poidamos empregar , evita que te estafen e aporta autonomía, e se non es minimamente autónomo non es libre, e se non es libre non es persoa.

No caso particular da Historia, déixame plantexalo así: qué pasaría se todos os días cando abras os ollos ignorases o teu nome, descoñeceses a túa familia, os teus colegas, ou lugar no que vives; non sabes o que fixeches o día anterior nin o que tes que facer ese día; e todo isto un día tras outro durante toda a túa existencia. E non só na túa, senón tamén na de todos e cada un dos case 7.000.000.000 de homo sapiens sapiens que habitamos o planeta durante os case 60 anos de media que vivimos cada un de nos. Podes imaxinalo?

Pois ben, agora introduce nese mundo de tolos a Historia.

Apartándonos do ámbito profesional, cales son as túas afeccións?

Viaxar (especialmente a lugares lonxanos onde as paisaxes e as xentes sexan radicalmente distintas ás que me relaciono habitualmente), dar longos paseos polos bosques que rodean Lugo, catar bos viños, coleccionar moedas estranxeiras, ler libros de arte, xogar ó escondite co meu gato, xogar ás cartas…

E por último, que tres cousas cambiarías do instituto?

Ao mellor, algún cambio nas instalacións (son frías, feas, tristes, pequenas, obsoletas), organizar actos festivos e lúdicos nos que participen todos os membros do centro (alumnos, profesores, familias, persoal de admistración e servizos,..), e un novo rumbo da política educativa (isto en todos os institutos, non só neste), sentaríanlle ben.

Entrevista realizada por **Goretti Valiña Vázquez**

O SAMAÍN XOGRARINO

Os alumnos do Ciclo de Atención Sociosanitaria, celebramos o pasado día **29 de Octubro** a festa do **Samaín**.

O Samaín é o período do festival pagán máis importante celta que domina a Europa dende a súa conversión ao cristianismo, na noite do día 31 outubro ó 1 novembro. Celebra o fin da época de colleita na cultura celta. É tanto unha celebración da transición de ano a ano e apertura a outro mundo. A palabra ven do Gaélico.

Para celebralo fixemos distintas actividades como son:

- Baleirado e decorado de cabazas.
- Coreografía.
- Ambientación dos espazos.
- Taller de manualidades (broches, títeres…)

Para rematar a xornada, fíxose un chocolate que acompañamos con un biscoito.

BALEIRADO E DECORADO DE CABAZAS:

Trouxéronse cabazas. Coa axuda de un coitelo, e unha espátula, estas baleiráronse; fixéronselle os ollos e boca para logo poder introducir nelas unhas candeas dándolle o ambiente propio do Samaín.

COREOGRAFÍA:

Recordando o gran artista **MICHAEL JACKSON**, ca súa canción mítica en recordo dos mortos vivintes "*THILLER*".

Repartímonos en dous grupos, e deixamos levar o noso corpo ó son da canción.

AMBIENTACIÓN DOS ESPAZOS:

Os alumnos decoramos as clases, corredor e entrada á zona "ciclo", grazas a colaboración dos nosos compañeiros "*HUESITOS*" e "*MANOLITO*"

TALLER DE MANUALIDADES:

Todos fixemos unha serie de manualidades: cabazas, morcegos, fantasmitas…con materiais sinxelos (goma eva, cartolina, barro blanco…), que nos quedaron de recordo. Incluso os mestres participaron nas actividades.

Para rematar xuntámonos todos para degustar un **chocolate** e un **biscoito** ¡mmm que rico!

Durante todo o curso aprendemos que o lecer positivo ten estas tres características: descanso, desenvolvemento e diversión e chegamos á conclusión que nesta festa cumpríronse estas tres características.

Porque caemos na conta de que desfrutar do lecer supón unha mellora na calidade de vida para todos.

Traballo feito por: **Laura Díaz Vila**, **Sandra Fernández López** e **Eva Vila Díaz**
Alumnas de 2º curso de TASS

LE MÉNESTREL

Os estudantes de francés tiveron un ano moi axetreado. Preparáronse diversas actividades relacionadas coa lingua francesa nas que tiveron que poñer en práctica todo o aprendido: programas de radio, entrevistas a francófonos, escoitas de música francesa... Nesta nova sección "Le Ménestrel" (para os non-estudantes de francés, a tradución é "*O Xograr*") temos o resumo de ditas actividades.

CHARLA

Alumnos de 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato tiveron a ocasión de falar con **Émlie Diaz**, de nacionalidade francesa, pero con raíces e familia en Sarria. Achegouse ás aulas respectivas e respondeu ás preguntas que lle fixeron os estudantes, e que versaban sobre temas como as diferenzas de culturas,

os horarios, a gastronomía, o ocio, as linguas estranxeiras, etc. Tanto os profesores, como a propia moza francesa, e os alumnos participantes valoraron positivamente dita actividade polos coñecementos e soltura que ofrece ós alumn@s.

TEATRO E ACTIVIDADE DE SIMULACIÓN

Un total de trinta e sete alumnos de francés, de 3º e 4º de ESO, así como de 1º de bacharelato,

asistiron en Lugo á representación da coñecida comedia de Jean Baptiste Poquelin, máis coñecido como Molière, "LES FEMMES SAVANTES". A obra do dramaturgo galo presentábase nunha adaptación para adolescentes buscando así poder entender toda a súa significación. Para completar esta xornada cultural, os alumnos e alumnas participaron nunha actividade de simulación consistente en descubrir a través dunha serie de preguntas en francés diversos aspectos da vila de Lugo, relacionados co seu pasado, historia, festas e tradicións.

ATÉLIER DE LECTURE

Diversos textos teatrais, situados en espazos variados relacionados con viaxes (estación de tren, bus ou metro, porto...) foron creados polos alumnos de bacharelato co gallo de participar no concurso internacional de escritura para adolescentes organizado por Atelier de Lecture da provincia belga de Lieja. Preto de cinco mil estudantes tomaron parte nesta edición, titulada "A ESCRITURA TEATRAL", pertencentes a vinte e un países do mundo.

CONCURSO FRANC PARLER

Organizado por Franc Parler, a comunidade mundial de profesores de francés en colaboración coa editorial Phaidon, consistía na creación dunha galería fotográfica. Neste caso o tema eran as casas, como elementos significativos dunha civilización. Alumnos de 3º e 4º participaron nel, fotografando e describindo

construcións típicas de Galicia que se poden ver no enlace seguinte http://www.francparler.info/accueil/index.php?post/2011/02/28/Concours-photo. A alumna de 4º ESO Lucía Rodríguez Campo acadou o terceiro premio final, superada soamentes por unha foto dunha casa palestina e outra de Castellón. O seu traballo, bautizado como "*Villa triste*" mereceu como recompensa un libro sobre fotografía en lingua francesa.

CONCURSO RADIO SCOLAIRE

Os alumnos de primeiro de bacharelato participaron no concurso de Radio Scolaire, (http://concoursradio.wordpress.com) que organiza a asociación de profesores de francés en colaboración con diversas institucións e organismos. Toman parte nel numerosos centros de ensino de Galicia. A actividade consiste na gravación de diversos programas de radio en lingua francesa, que deben durar entre 3 e 12 minutos, de temas moi dispares. Os cinco enviados polo grupo de alumnos de 1º de bacharelato versaban sobre o mundo do "corazón", unha entrevista imaxinaria cunha persoa que facía clonacións, un programa sobre a actividade cultural dun pobo inventado, un consultorio de problemas varios e un programa culinario. Para facelo o máis verosímil posible o traballo, empregouse un programa de gravación, insertando música diversa e efectos sonoros en función da temática de cada emisión.



TOP 50 FRANCOPHONE (www.top50.eu)

Curiosa iniciativa proposta pola Federación Internacional de Profesores de Francés, que busca elaborar as 50 cancións en lingua francesa máis populares. Dende os clásicos Brel, Moustaki, Piaff, Renaud, ata os actuais Ryan, Stromae, Garou, etc. As votacións realízanse en diversos países de Europa e nela poden participar alumnos de niveis diferentes. Deste xeito, e recorrendo ás novas tecnoloxías, como é o caso o correo electrónico, os nosos estudantes de 1º e 2º de Bacharelato procederon inicialmente a engadir novas cancións que eles aportaron – fase 1 do concurso – para posteriormente proceder a votar a lista inicial e a posterior que foise creando coas aportacións dos internautas.

PRÁCTICA LINGÜÍSTICA NO CAMIÑO DE SANTIAGO

Un total de 30 alumnos do IES Xograr Afonso Gómez, pertencentes a 3º e 4º da ESO, asi como 1º de Bacharelato, participaron nunha actividade lingüística no Camiño de Santiago proposta polo departamento de Francés.

A **primeira parte** da mesma consistía en buscar peregrinos francófonos en diversos puntos da senda xacobea ó seu paso por Sarria, dende Vigo de Sarria ata a Ponte Áspera, incluindo además lugares frecuentados polos que fan este percorrido como son as estacións de bus e tren, os supermercados, o exterior do centro médico, a oficina de turismo, etc. O obxectivo era falar con eles en francés, preguntándolles por aspectos da súa viaxe, vivencias que se podían recoller en papel e lápis ou ben recurrir ás novas tecnoloxías chamadas cámaras dixitais, grabadores de son, teléfonos móbiles, MP3 ou MP4, etc.

A **segunda parte** da actividade tiña a mesma estrutura pero levábase a cabo con persoas sarrianas que por razóns de índole diversa – familiar, traballo, emigración, sociais, culturais, etc –aprenderan francés no seu momento e o empregan sobre todo nas súas ocupacións laborais cotidiás. Para ilo contouse coa colaboración de persoas de *Cafetería Xuxú, Bar Camiño Francés, Albergue Internacional, Hotel Mar de Plata, Hotel Alfonso IX CH* e a *Oficina de Turismo de Sarria*, que se prestaron a charlar cos estudantes en lingua francesa.

Un cuestionario gramatical, baseado en diversos monumentos de Sarria, foi a **terceira parte** desta actividade que veu acompañada dun día moi primaveral.

O MUNDO DO XOGRAR

23 de abril
Día internacional do Libro

Sabiades que esta data foi elixida pola UNESCO porque nela conmemórase a morte de dous dos máis grandes escritores de todos os tempos? Pois si, ese día de 1616 desapareceron Shakespeare e Cervantes.

Para celebrar esta importante data, un ano máis vos presentamos unha exposición de estupendos traballos feitos polos alumnos do "Xograr". Habíaos para todos os gustos: murais estupendos, traballos monográficos, esculturas científico-literarias, crebacabezas... e o noso protagonista deste ano: un cabaleiro un tanto desmellorado, *cuxo nome non quero lembrar*, que nos invitaba a todos a ler para non volvernos uns "calaveras".

Moitas grazas a todos os participantes.

Esperamos que desfrutarades da **exposición** que estivo no corredor do edificio vello do centro e máis na biblioteca entre os días **11** e **30** de **abril**. Velaquí unha escolma dos traballos presentados:

A nosa Biblioteca

Novamente, dende a biblioteca do Xograr chégannos as novas do acontecido ao longo do ano. Recordade que tamén podedes seguir o día a día da biblioteca no seu blog: **biblioxograr.blogaliza.org** .

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN

Os alumnos de 1º e 2º de ESO pasaron no primeiro trimestre pola biblioteca co gallo de coñecer o seu funcionamento. A través dunha sinxela exposición descubriron o sempre apaixoante mundo dos libros, como se identifican, como se organizan, etc. Para verificar o aprendido procederon a realizar sinxelos xogos, que incluso tiñan premio.

CONCURSO DE LECTURA

Un total de 4 alumnas do noso centro participaron no concurso "Ler e escoitar" organizado pola Consellería de Educación. Carmela Cela e Miriam Río, de 2º ESO, así como

Miriam Balboa e Miriam Rejo, de 1º, leron diversos textos, sendo dita lectura gravada en vídeo seguindo o regulamento da devandita actividade. Grazas as catro por participar e deste xeito potenciar a lectura, algo indispensable no proceso formativo da comunidade escolar.

CLUB LECTOR

Todo un clásico da nosa biblioteca, o *Club Lector* volveu a reunir aos amantes de facer unha lectura comentada e conxunta

dun libro. No momento de que Aquí e Agora vexa a luz celebráranse dúas, no primeiro e segundo trimestre, baseadas nas novelas "**Kafka y la muñeca viajera**" e "**A miña planta de laranxa lima**", de contidos ben distintos e reflexións moi dispares. Como novidade a segunda sesión levouse a cabo de forma conxunta cos alumnos do "*IES Leiras Pulpeiro de Lugo*", cos que

en xornada de mañá realizouse unha actividade de contacto coa natureza nas **Aceñas**. Durante o terceiro trimestre farase a terceira sesión , na que o Xograr irá invitado a Lugo, onde o Leiras Pulpeiro nos dará un paseo pola muralla e comentaremos o libro "**Lu e Go pola muralla**".

LECTURAS DRAMATIZADAS

La Celestina, coñecida comedia de *Fernando de Rojas*, foi o epicentro doutra interesante actividade.

Así un numeroso grupo de alumnos levaron a cabo aquilo que, noutro tempo, debemos supor que foi unha das principais distraccións da sociedade: a lectura dramatizada ou teatralizada dunha obra.

Posteriormente fíxose unha actividade similar coa obra de *Miguel de Cervantes* **Entremeses** o 29 de abril.

A PRENSA NA NOSA BIBLIOTECA

Neste curso 2010-2011 estamos intentando un maior traballo coa prensa escrita na *nosa biblioteca*. Temos diversas ideas que intentaremos facer ó longo do curso. Como principal novidade ata agora cabe subliñar un taboleiro colocado no corredor, a carón da porta, onde reflíctense a través de recortes as novas máis salientables do mundo da lectura e da escritura.

"BOTA UN OLLO…

… nos taboleiros de cortiza que tes no exterior da biblioteca. Hai tres con funcións ben diversas: un deles, o situado á carón da porta, indícache as novidades en materia de libros, películas, outros fondos, etc. O do centro reflicte novas relacionadas coa lectura e a escritura aparecida en prensa. Por último, o da dereita recolle informacións sobre concursos variados nos que podes participar. Non está de máis botar un ollo cando pases por diante."

"UN LIBRO…
… UN MARCAPÁXINAS"

Promovemos unha sinxela campaña para dar saída a moitos marcapáxinas que tiñamos. Deste xeito. E facendo partícipe dela a profesores/as, alumnos/as e persoal non docente, fómolos regalando a quen levara prestado un libro.

MALETA DE POESÍA

Durante quince días do segundo trimestre estivo no noso centro a Maleta de Poesía, pertencente ó *Centro de Formación e Recursos de Lugo*. Con ela e todos os libros que deste xénero literario contén, traballaron diversos/as profesores/as, achegando así as variadas composicións poéticas as/os alumnos/as do noso centro escolar.

E A MAIORES…

Dende o equipo da biblioteca traballáronse outros apartados sempre interesantes e que repercuten positivamente nun bo funcionamento dun espazo como este:

–Campaña de silencio. Intentando concienciar ás/ós usuarias/os da necesidade de non falar nun sitio destinado a traballar.

–Renovación dos *tejuelos*. Ós poucos, –dispomos de máis de 7.000 volumes– renováronse os *tejuelos*, eses papeliños adhesivos que indican como identificar e localizar un libro. Un sistema informático chamado Meiga permítenos esta labor que axiliza a búsqueda.

–Equipos informáticos. Levouse igualmente un traballo de control, revisión e mantemento dos ordenadores existentes na biblioteca, co gallo de poder achegar ás/ós nosas/os alumnas/os ferramentas informáticas moi variadas, claves no ensino actual.

–Identificación. Traballouse igualmente este curso escolar na identificación dos armarios que conteñen dicionarios, enciclopedias, atlas, coleccións. Deste xeito facilítase a localización dos mesmos

–Visita de centros adscritos e concertados. Como é habitual as/os nenas/os que no futuro poderán estudar no Xograr viñeron de visita. Os dos centros adscritos participaron nunha actividade, que desta volta centrouse no mundo dos dinosauros. Os dos centros de Sarria coñeceron pola súa bandas as instalacións.

ÁLBUM DE FOTOS

EXCURSIÓNS 2010- 2011

Salamanca – Mérida – Sevilla

Chegada a Salamanca e foto en grupo

Teatro romano

Turismo por Salamanca

Itálica

Torre da Giralda

ÁLBUM DE FOTOS

Catedral de Sevilla

Casa Real en Sevilla

Patio dos Naranxos

A esquiar en Andorra!

Paisaxes de Andorra

Preparándose para esquiar

Empeza a sesión!

Caldea

Patinando de noite

Foto! Foto!

4º visita Roma

Esculturas de mármore

ÁLBUM DE FOTOS

Fontana di Trevi

Todos xuntos de paseo

O Vaticano

O Coliseum: o lugar de ocio para os romanos

Fresco

Fotos recollidas por **Lois Fuente**

"BOSQUES DE ÁRBORES"

"Para min, a natureza é sagrada; as árbores son templos e os bosques catedrais."
Mikhail Gorbachev

Os Bosques ocupan ao redor de sesenta e catro millóns de quilómetros cadrados, nos que a cotío se produce a milagre da fotosíntese para que non falte osíxeno. Pode que existan ata 60.000 especies de árbores, algunhas aínda por descubrir.
MÁIS... Cada ano desaparecen 13 millóns de hectáreas de bosques en todo o mundo, unha superficie equivalente á cuarta parte da Península Ibérica!

Os Bosques son ecosistemas imprescindibles para a vida xa que son o hábitat de multitude de seres vivos. Tamén se encargan de regular a auga e o clima, conservan o solo e a atmosfera e deles conseguimos moitos produtos útiles, como alimentos, medicinas e materias primas. Tamén son grandes sumidoiros de CO2 atmosférico, contribuíndo á redución do efecto invernadoiro.

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou 2011 como o **Ano Internacional dos Bosques** para concienciar á sociedade dos problemas que sofren os recursos forestais de todo o planeta e frear o seu deterioro.

O Xograr transformouse nun inmenso bosque de fotografías e carteis, que contribuíron a *plantar* os alumnos de 3º de ESO A , 3º e 4º de ESO PDC e 1º de BAC coa colaboración dos Departamentos de Bioloxía, Matemáticas, Latín, Lingua e Galego e profesores encargados da Biblioteca. Ademais, os alumnos de 1º de BAC realizaron presentacións sobre bosques de Galicia e do mundo. Podédelas ver en http://cienciasdoxograr.blogspot.com/

Os alumnos de 3º de ESO vos explican como reciclar papel. Tomade nota, xa que observando a regra dos 3 R (Reducir, Reutilizar, Reciclar), todos nos podemos contribuír á conservación dos bosques. Evitando a deforestación axudaremos a conservar a biodiversidade da que formamos parte.



Os bosques teñen, tamén, importancia histórica e cultural. Por iso as árbores están nos libros. Recomendámosvos un en especial:

"El alma de los árboles"
Miguel Herrero Uceda.
EDITORIAL ELAM
Unha mirada á natureza na que se unen literatura, botánica, historia e saber popular. http://www.elam-editores.es/

"Ao longo da historia, civilizacións que non estiveron en contacto entre si, sentiron o mesmo ao ver as mesmas árbores. Tralo tronco, as polas, as follas, hai unha vida, unha historia viva." Miguel Herrero Uceda.

"BOSQUES DE LIBROS"

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA PARA ALUMNOS
Parabéns ás ganadoras, alumnas de 2º ESO A:
1º e 2º PREMIOS:
Lucía López Aranda e Patricia López Lizaso
3º PREMIO:
Ana Caloto e Sabela González



CARTEIS



CIENCIAS

SALVEMOS OS BOSQUES

COMO RECICLAR PAPEL

Necesitas:
Papel usado: periódico, folios, cartolinas. Un coador, unha cubeta, un marco de madeira con reixiña , unha esponxa, unha tea absorbente, un batedor e o ferro de pasar.

1. O primeiro paso é facer tiras de papel e esmiuzalas. Cando teñas unha certa cantidade engades auga...

2. .. e segues a esmiuzar.

3. Bater ata obter unha pasta.

4. Escorrer ben a auga ata conseguir unha masa compacta como a da foto. **5.**Botar a pasta nunha cubeta e engadir bastante auga. Remexer ben.



6. Introducir o marco na cubeta e abanealo. Ao retirar a reixiña debe quedar unha capa fina de pasta de papel por riba.

7. Retiramos a maior cantidade posible de auga e dámoslle a volta sobre unha tea absorbente. Convén retirar o exceso de auga cunha esponxa.

8. Ponse a secar a tea co papel.
9. Logo, cando está seco, retiramos a folla de papel reciclado con moito coidado.

10. Despois de darlle co ferro de pasar, podemos elixir o modelo que queremos facer. E listo!

11. Estes son algúns dos traballos que fixemos.

LEMBRA:
Podes contribuír a conservar os bosques observado a REGRA DOS 3 R:
Reduce,
Reutiliza,
Recicla.

Lucía Valcárcel L.
Martín Pérez V.
3º ESO A.


RUTINAS ESPACIAIS
As últimas investigacións espaciais deron ao traste con calqueira esperanza de vida no Sistema Solar.
Foron invertidos miles de millóns de dolares
CLICK!
Miles de millóns de dólares que verten dos nosos petos e cos que teríamos máis fácil chegar ao fin do mes, os que chegamos. Asemade, poderíanse empregar en moitos outros campos, como en reactivar a economía ou na loita contra o paro.
Alberto Castellano Díaz.
Andrea Fórneas Sangil.
Miguel García Otero.
Claudia Pardo Ramos.
1º de BAC A.
CÓMIC PRESENTADO AO "CONCURSO ESPACIAL 2011".
http://www.concursoespacial.com/

Sofía! E o xornal?!
8:00
Está enriba da mesa, veño de poñelo alí.
Non o atopo. Da o mesmo, lemeino cando veña de traballar. Vou queutar o café...
SOFÍA!!!
E O MICROONDAS?!
Pero que dis de moer? Non queda café moído?
Moído?
O que? Non sei a que te refires fillo, colle a pota para queutar o café na cociña, que cho vou moendo eu...
JAJA!
Pero ti que soñaches hoxe, Manuel?!


Isto é surrealista... Moeme entoñ o café, que isto non hai quen o entenda, parecen os anos 50.
Atende ti os ovos anda, que vou polo neno.
Este ovo non hai quen o despegue da tixola, sofía. Non compraramos unha destas tixolas antiadherentes?
Tixolas que!!? Que invencións son esas Manuel!? Anda, trae, déixame a miu.
NO BAÑO
Fillo, colliches ti as miñas lentes de contacto?
Que dis papá!? Que é iso?
Non me vaciles, o que pon teu pai para ver ou é que non sabías que é miope...
Ah! Estaban na túa mesa de noite. Vou por elas.
Fillo, eses son uns leutes! Eu quero as lentillas.
Papá, iso é o que ti sempre usas, non sei se me estás vacilando, pero non me fai gracia, e teño que ir ao instituto, así que deica o mediodía.
E QUE TIPO DE TUBO DE PASTA DE DENTES É ESTE?
Creo que a forro preguntar.

Xosé, prometocho, hoxe é o día máis extraño da miña vida: desapareceu o microondas da miña casa, o GPS do meu coche, o tubo da pasta de dentes é rarísimo, a miña muller non sabía o que era o café moído... Non entendo nada, de verdade.
Oh, eu tameén estiven vendo onte unha desas películas futuristas: Star Treck...
?
Que dis, Xosé? Outro que está hoxe por vacilarme. Anda, imos tomar un café da máquina
Máquina? Que máquina? Da película?
Estades todos dándome dor de cabeza!! Pásame o termómetro que me atopo mal.
Teu, está aquí
Tómate a temperatura, Manuel, creo que estás delirando.
Pero que é isto, onde está o termómetro dixital

Que dis, Manuel, o home nunca estivo na lúa.
DELIRAR!? EU NON DELIRO!?
Esta parvada é menos crible que a primeira viaxe do home á lúa.
Isto non pode estar pasando se onte vin a noticia da investigación espacial cos meus...
Espera, que é ese olor?
A investigación espacial e todo o que conleva ba suspendeuse pola súa inutilidade Non sei se o recordas.
LUME!
AAAAAKHH!
Por que non saltou a alarma, tampouco funcionan os detectores de incendios?
DETECTORES?
NON PODEMOS SAÍR, ESTAMOS ATRAPADOS!



O cómic resultou ser un dos gañadores do concurso. Como premio, os autores disfrutarán en xullo de dez días visitando as instalacións da NASA en Madrid e Bilbao.

¡Parabéns a Andrea, Claudia, Miguel e Alberto!

CHENG, UN NOVO COMPAÑEIRO BENVIDO Ó XOGRAR!!!



Naceu en China, un país cativador para os occidentais, cheo de misterio e maxia, asociado a unha cultura milenaria e a uns conceptos filosóficos relacionados ca vida, a paz espiritual e a Natureza.
Cheng é un novo compañeiro, queremos darlle a benvida ó Xograr, pero tamén nos gustaría que a través desta páxina da revista do instituto o coñeceras un pouco máis.

Como te chamas?
Dong Yong Cheng.

Cantos anos tes?
Teño 14 anos.

Onde naciches?
Nacín en China.

Agora onde vives?
Agora vivo en Sarria.

Dende cando estás aquí?
Estou en España dende o ano 2007.

É moi distinto Sarria do teu país?
Si, moi distinta.

Que é o que máis de China?
O que máis añoro son as comidas.

E o que máis che gusta de aquí?
Os amigos e os compañeiros da clase.

Pero si tiveras que elixir entre Sarria e o teu país, cal elixirías?
Estou moi ben aquí, pero elixiría China.

Algunhas costumes chinesas chámannos a atención, mira aquí algunha:
-Dar a man é un xesto que se empeza a aceptar dende fai pouco. Un chinés non toca xamais a un descoñecido: o correcto é unha leve inclinación de cabeza.

-Os nomes chinos constan xeralmente de dúas ou tres palabras. A primeira é o apelido e o seguinte é o nome.

-Cando un chinés ofrece un regalo faino cas dúas mans, e debese recoller tamén cas dúas mans . De non facelo así, considérase unha falta de respecto. Da mesma forma, os regalos nunca se deben abrir en presenza de quen os da.

-Cómese con palillos, acompañados xeralmente dunha culler de mango curto de cerámica ou plástico para servirse ou tomar a sopa. O chinés serve a bebida do seu acompañante, pero non o seu propio vaso. Ese xesto debe devolverllo o outro comensal. O cortés é sorber a sopa ou comer facendo un ruído escandaloso, algo que en Occidente horrorízanos.

-Outra costume moi arraigada é a de practicar taichí. A primeira hora da mañá os xardíns e as prazas das cidades están cheos de xente practicándoo.





Olga R. e Iván A. - 2ºESO

A profesora de Francés, María Lopo, *sempre se mostrou moi interesada no proxecto do Aquí e Agora, e sempre deixou na revista algunha colaboración. Por iso, a pesares de ter deixado o Xograr o ano pasado, non dubidou en mandarnos a súa participación en canto llo pedimos. Dende o equipo da revista dámoslle as grazas e esperamos que se atope contenta no novo centro. Aquí tedes a súa aportación para o Aquí e Agora 11:*

Como nacen as palabras?

Aprender, non estudar, senón aprender, é un dos vectores que definen a nosa condición humana; a linguaxe e as linguas son laboratorio e vehículo do coñecemento e da súa transmisión. Por iso é inmensamente humano falar, crear, amar, preservar, aprender e ensinar idiomas. Cantas máis linguas se falan, máis libre se é; cantas máis linguas se respectan, máis humana, máis humano se devén.

morriña

Sendo profesora de francés teño a sorte de aprender moito ensinando, sobre a lingua e sobre a humanidade. Entre as cousas que aprendín en Sarria das miñas alumnas e dos meus alumnos, hai moitas que me acompañan, na miña vida e na miña continua aprendizaxe da vida. Aquí van algunhas delas.

peace

Na área lingüística propiamente dita, foi especialmente frutífero o día no que un rapaz, de nome inesquecible, descubriu por si só o principio da homofonía, grazas ao substantivo francés "sac à main" (bolso) e á frase galega "saca a man", descubrimento que compartiu xenerosamente con nós ao longo de todo o curso, creando excelentes frases *fralegas* do tipo: "saca a man do sac à main", non por repetidas menos interesantes.

à la page...

Na área da civilización francófona, éme imposible esquecer a resposta "Troia" cando eu agardaba un banal "Napoleón" - proba de que unha non se explica tan ben como pensa-, así como un debate paroxístico, ao cal asistín como mera espectadora, sobre quen nacera antes, se Astérix ou Cristo.

Levarei sempre comigo os moi didácticos debuxos sobre o proceso da ensila da herba cos que un meu alumno se converteu no meu profesor de "cousas reais", así como o modelo de autoafirmación identitaria da nena máis calada dun grupo de 1º de ESO, o día no que ergueu a voz por primeira vez, dando un discurso digno dos mellores momentos de Simone de Beauvoir.

amor

Todo isto puntuado das sabias leccións destiladas polos nosos pequenos mestres cando, no momento no que unha se dirixe cara o libro de texto, dun xeito -cres ti- espontáneo e cheo de enerxía renovada, escóitase polo baixo -ou polo alto- a toda unha clase dicir: "à la page...", lección moito máis efectiva que calquera curso de reciclaxe intensiva.

Pero pode que un dos máis fermosos momentos de eclosión do saber que vivín en Sarria, do Saber do que fala Rimbaud: "la pensée accrochant la pensée et tirant", foi asistir, na ollada dun alumno de 1º de ESO e na súa pregunta de Aleph, ao descubrimento da filosofía da linguaxe: "profe, pero entón, como nacen as palabras?".

María Lopo

COLABORACIÓNS EXTERNAS

O noso entroido

Este ano decidín pasar o Entroido mergullada de cheo no triángulo máxico ourensán: de Verín a Laza e de aquí a Xinzo de Limia, coas súas características Pantallas. Iso si, achegándome a Viana do Bolo para ver de preto os Boteiros, ata o de agora descoñecidos para min, uns orgullo a todos os que se achegan para contemplar un dos entroidos máis soados da nosa xeografía, sen dúbida. Do Domingo Fareleiro ou Borrallento ao Martes de Entroido, pasando polo Xoves de Compadres, o Domingo Corredoiro ou Oleico, o Xoves de Comadres e o propio Domingo de Entroido. Son días de festa asegurada!

o seu aspecto, malia as diferenzas que atopan os oriúndos de cada lugar. Vivino intensamente… gozando da gastronomía típica do Entroido dende a véspera ao Xoves de Comadres, onde Verín se vestiu de gala para dar a entrada aos días grandes destas festas. Cos Cigarróns baixando do Castelo de Monterrei fixen un agasallo á miña vista, xa que sinto verdadeira paixón por esta singular máscara do Entroido ourensán, e entre Cigarróns e Peliqueiros desfrutei da festa do Entroido máis ancestral.

Como anticipei, no Carnaval concedemos especial atención á gastronomía. En ningunha mesa faltan a cachucha, as unllas de porco, os chourizos e o botelo ou as androias. Grelos, orella e lacón. O porco é o produto estrela nesas datas. O Entroido é sinónimo de festa rachada en moitos puntos de Galicia, sempre coa axuda de ceas ou xantares "hipercalóricos", abusando da comida ata chegar a un postre ao que ninguén pode resistirse: as filloas con mel, as torrixas e as orellas de Entroido poñen a guinda á festa pagá.

OSO DE SALCEDO

EU COA MÁSCARA DE CIGARRÓN

Destes últimos dise que datan do século XVI, cando os Condes de Monterrei, exercendo o seu poder na comarca, facíanos funcionar como cobradores de tributos. Con 25 quilos ao lombo, o Cigarrón sae polas rúas de Verín facendo notar o seu

personaxes típicos do Entroido do lugar que comparten cos de Vilariño de Conso

Don Carnal preside esta celebración ata o Mércores de Cinsa, deixando paso, tras o tradicional enterro da Sardiña (a queima do papagaio Ravachol en Pontevedra, que vivín algún ano), ao período da Coresma coa Semana Santa… Sentindo dentro de nós a melancolía que produce o final dunha festa, lembramos a cantiga do Entroido: "Adiós martes de entroido,/ adiós, meu amiguiño,/hasta Domingo de Pascua/ non comerei máis touciño".

No famoso libro de Juan Ruiz, Arcipreste de Hita, a Coresma vese como a personificación do xaxún, da abstinencia, en definitiva, da confesión, mentres que don Carnal no *Libro de buen amor* remite ao desexo e á gula, xunto a todo o que entendemos polos pecados da carne. Lembremos a seguinte cita: “a ti, Carnal goloso, que nunca te has de hartar/ el Ayuno en mi

nombre, te va a desafiar". Tras a loita, don Carnal recibe a penitencia de que "por tanto pecado/ comiera cada día un manjar señalado/ y nada más comiese, para ser perdonado". Eses manxares eran garavanzos con aceite, migas, espinacas, lentellas con sal, pan e auga, fabas... alimentos que nada tiñan que ver cos que tanto gozaba don Carnal na obra medieval, caracterizado coma goloso, soberbio, sañudo e poderoso. A loita entre os dous exércitos fai que saian á luz todo tipo de carnes, incluída a caza, fronte aos peixes e as verduras que permite a Igrexa, institución parodiada por prácticas como a venda de bulas.

Máis alá do triángulo máxico ourensán están as máscaras dos Volantes de Chantada, os Xenerais en Boqueixón, A Estrada e Silleda. Pero non quero esquecerme de máscaras acabadas de descubrir nas miñas pescudas sobre o Entroido: a "Mázcara" de Manzaneda, os Felos de Maceda, os Troteiros de Bande ou as Teixugueiras de Cartelle. E tampouco me olvido, como non podía ser doutro xeito, do Oso de Salcedo, na provincia de Lugo, nativo da Pobra de Brollón, que sae á rúa acompañado polos seus criados para asustar os viandantes.

En canto ás peculiaridades de cada zona, convén sinalar os rasgos máis representativos das máscaras ou traxes típicos de lugares coma Xinxo de Limia, Verín ou Laza. No Carnaval de Xinzo o traxe típico son as Pantallas, composto de camisa e calzón brancos, capa vermella ou negra, pano case sempre roxo, polainas negras e zapatos da mesma cor. Non poden faltar nin a faixa vermella cinguida nin as campaíñas, así como as dúas vexigas de vaca secas e infladas que levan na man e que contribúen a facer tan característico ruído. Nese concello o Entroido é o máis longo, tendo xa nos domingos Fareleiro, Oleiro e Corredoiro xornadas de auténtica troula. A Pantalla, símbolo do

CIGARRÓNS DE VERÍN

BOTEIROS DE VILARIÑO DE CONSO

UN CIGARRÓN EN SECUNDARIA

FOLIÓN NA GUDIÑA

Carnaval na vila, ten unha peculiar función: vixiar que ninguén ande pola rúa sen disfraz. Ir sen el supón ademais ter que convidar a unha ronda de viño, xa que perseguen e conducen en brazos ás súas vítimas ata o bar máis próximo para pagar uns viños ao grupo de Pantallas, que se caracterizan ademais por emitir, diante dos forasteiros e das mulleres, un son xordo que semella o dun animal que busca meter medo, mentres saltan e rodean a xente. A pantalla (carauta), que lle dá o nome a todo o conxunto, está elaborada con cartón, feltro, fariña, auga, papel de xornal e pintura. Ten trazos de diaño, con cornos e cara de sorna, adornando a parte de arriba con motivos animais ou astrais.

Pola súa parte, en Verín están os Cigarróns, para os que a orixe se sitúa nos antigos cobradores de impostos do Conde de Monterrei, que baixaban ao val facendo sonar as "chocas" para meterlle medo á xente, hoxe portando un látego co que baten aos viandantes. O 17 de xaneiro, día de S. Antón, aparecen por vez primeira. Pero é o domingo de Entroido o gran día, cando ten lugar o desfile de carrozas e comparsas, que este ano foi marabilloso. O traxe de Cigarrón consta dunha carauta de madeira pintada de xeito que se resaltan as cellas, meixelas, o bigote, un sorriso cínico e a dentadura. Na parte de follalata van pintados motivos animais e vexetais (o lobo e a lúa son frecuentes) e pola parte de atrás leva unha pelica, de pel natural ou sintética. Dende o máis alto da mitra tamén colga a crin de cabalo característica. Como roupa leva unha camisa branca e unha gravata vermella. Sobre a camisa vai unha chaquetiña curta de seda con ornamentos dourados, que ata con lazos de cores. Un pano, prendido con broches femininos remata a parte de arriba do traxe. Na cintura leva unha faixa de varias voltas e por riba dela o cinto de coiro do que penduran seis grandes chocas de cobre. Cubrindo as pernas levan un calzón curto con trenzados de lá branca e de cor, frecos e borlas, nas que predominan as cores vermellas e verdes. Viste medias brancas que se suxeitan con ligas e na man leva unha zamarra ou látego do que pende unha badana de pel e do que hai que fuxir cando os vemos avanzar cara nós.

Laza é outro extremo do triángulo do Entroido, comezando o ritual o primeiro día do ano a partir das doce da noite, cando os mozos que logo irán de peliqueiros fan soar as súas chocas. Aos folións, entendidos como procesións nocturnas con misión de desembruxo, sucédenlle o sábado as cabritadas, cantando versos coma os que seguen: "Catro cousas hai en Laza/ non as hai en toda a terra/ peliqueiros, maragatos/ as formigas e a morena". É o domingo cando se estrea o traxe de Peliqueiro, se reparte bica e licores típicos. En Laza pódense vivir rituais tan primitivos como a farrapada, a chamada xitanada dos burros, o día da morena e das formigas. Deste xeito, a praza da Picota atéigase dunha mestura de auga, de terra e de cinsa con formigas.

Cóntovos algo máis: na Gudiña, no CPI Laureano Prieto, este ano tivemos unha visita moi especial no Centro: un Cigarrón (baixo o que se agochaba unha profesora substituta que estivo no centro ata xaneiro). Os rapaces quedaron abraiados cando escoitaron sonar as chocas, cando viron que a máscara do Entroido de Verín pisaba as aulas. Tamén se celebraron o xoves de compadres e o xoves de comadres. Houbo fariñada e folión, desfile para os máis pequenos e chocolate para todos.

Ruth Fernández Fernández
(Profesora de Lingua Castelá e Literatura)

DEPORTES

OS NOSOS CAMPIÓNS

Galicia evolucionou moito no deporte durante os últimos tempos, xa que os nosos antepasados conformábanse con deportes moito máis sinxelos. Pero as nosas gañas de avanzar fixéronnos coñecer deportes moito máis complexos e chegar a triunfar en moitas modalidades. Destacamos en:

XIMNASIA RÍTMICA

O ***Club Esquío*** e o ***Club Xirandela*** que acadaron moi bos resultados no último campeonato galego desputado en Guitiriz, e que como resultado, obtiveron un gran número de medallas.

TRIATLÓN

O día 25 de marzo de 1983 naceu o ferrolán ***Javier Gómez Noya***, que levou a Galicia ao máis alto do triatlón nos últimos anos. Foi proclamado subcampeón do mundo de triatlón e levou o premio ao mellor triatleta Nacional no 2009. Na súa lista de logros figura o campeonato de España, desputado en ***Cangas*** (Pontevedra), o ***Gran Prix*** (Francia) e un sen fin de eles máis, nos que foi proclamado ***campión***.

PIRAGÜISMO

Con solo oito anos o galego ***David Cal Figueroa*** montou por primeira vez nunha piragua. Nunca se lle pasaría pola cabeza que chegaría a participar nuns ***Xogos Olímpicos***, e por riba, pisar un pódium.

TAEKWONDO

É unha arte marcial que foi introducida no século XX con orixe coreano. Hoxe en día existen máis de trinta ximnasios en Galicia e máis de 3.000 persoas entre adultos e infantís. Na provincia de Lugo destaca o ximnasio ***Neka***, que foi proclamado o mellor club de Lugo, pola ***Federación Galega de Taekwondo*** e obtivo un total de ***48*** pases aos campeonatos galegos.

Reportaxe realizada por Sabela González Seijas, Eva Melle Goyanes, Marta Toirán Somoza

O MELLOR DO DEPORTE ESPAÑOL

Esta década será lembrada como unha das mellores para o deporte español grazas aos numerosos éxitos que tanto levabamos ansiado e que por fin conseguiron os nosos deportistas: un Eurobasket, un mundial de waterpolo, un europeo de voleibol, unha Eurocopa e un Mundial de fútbol, catro Tours de Francia e un largo etcétera.

O 11 de xullo de 2010 a **selección española de fútbol** proclamouse campioa do mundial logo de vencer a Holanda grazas a un gol de Iniesta

na prórroga. Despois de gañar a Eurocopa, os xogadores de del Bosque alzaron o trofeo que tantos anos levabamos procurando, a Copa do Mundo. Agora xa luce na camiseta da "roja" a estrela de campións do Mundial de Sudáfrica.

Non só no futbol houbo éxitos, tamén foi unha grande etapa para **Rafa Nadal**, que se coroou

en Roland Garros, Wimbeldon e o US Open dos Estados Unidos, pasando a formar parte do

grupo de destacados tenistas que gañaros os 3 grandes do tenis. O balear tamén gañou os Masters 1000 de Madrid, Roma e Monte Carlo.

En canto ao motociclismo temos un triplete español: **Jorge Lorenzo**, campión do mundo en Moto GP. **Toni Elías** tamén foi campión mundial, pero en Moto 2. Por outra parte, **Marc Márquez** proclamouse gañador mundial en 125cc.

Non nos podemos esquecer do baloncesto, **Pau Gasol** conseguiu o seu segundo anel na NBA e vai camiño do próximo!

Artigo de **Tania López Vilar**

DE RISA

O MITO DE HEIDI, REVELADO

Para todos os que están entre os "vintemoitos" e os "trintaepoucos", existen varios mitos profundamente arraigados na súa psique: os paiasos da tele, Marco, que Felipe ía a cambiar algo, e por riba de todo, o mito erótico por excelencia: **HEIDI**. Pois ben, profundas e laboriosas investigacións realizadas nunha prestixiosa universidade, chegaron a unha sorprendente conclusión:

Analicemos a bonita melodía desta entrañable serie:

''Abuelito, dime tú, qué sonidos son los que oigo yo''.

Ben, Heidi é un personaxe supostamente novo, mentres que seu avó é, consecuentemente, maior. Que Heidi pida información ao seu avó sobre os sons que oe, ou que "case oe", pode indicar, basicamente, dúas circunstancias: Heidi padecía unha enfermidade conxénita do oído, que a facía incluso máis xorda que o seu ancián antecesor.

O estado de Heidi estaba, dalguna forma, alterado.

'' Abuelito, dime tú, porqué en una nube voy''.

Esta segunda frase da canción confirma un e só un dos puntos anteriores. En efecto, confírmase que o estado mental de Heidi está dalgún modo alterado: está "nas nubes", está "voando".

''Dime porqué huele el aire así''.

O noso argumento cobra cada vez máis forza; o aire ten un olor especial, raro, coma se flotara algún tipo de fume no ambiente.

''Dime porqué yo soy tan feliz''

Un argumento máis ao noso favor: o estado de euforia inxustificada da nosa protagonista é evidente.

E por fin:

''Abuelito, nunca yo de ti me alejaré''.

A pequena, descarriada, afirma que lle é imposible alexarse do seu proveedor habitual.

CONCLUSIÓNS:

– O estado de conciencia de Heidi está alterado dalgún modo.
– O aire cheira raro.
– Sente unha felicidade absurda.
– Manifesta unha dependencia extraña de outro personaxe.

Logo, o que ocorre é que o suxeito en cuestión estaba todo o día "***dándolle ao porrete***", como certo cantante de reggae falecido, o que leva a outro posible estudio que comeza con unha inquedante pregunta, a saber:

¿ERA HEIDI BOB MARLEY CON PERRUCA?

RESPOSTAS DE EXAMES

Circulo: é unha liña pegada polos dous extremos formando un “redondel”.

Averigua se é primo o número 2639: para min este número é primo porque creo que no hai ningún número que dividido por este nos dea exacto. Se vostede ve que esta mal, corríxao.

Primeira lei de Mendel: Mendel era un home que durante toda a súa vida se dedicou ao cruce de plantas. Das súas experiencias fixo un libro, pero publicárono nunha encadernación mala e a xente non se enterou. Despois de Mendel, dúas persoas descubriron o mesmo ca el sen sabelo e viron que perderan o tempo inutilmente.



Etapas máis importantes na evolución do home: sobre o ano 570 crese na primeira aparición do Homo sapiens. A partir do 570 e ata o 1200 o homohabilis. A partir do 1200 e hasta aproximadamente o 1700 o Homohabilis e despois, homes normais.

A nobreza: non podías ser dela se non tiñas sangue.

Mide o segundo verso escrito na encerado: no encerado uns 75 centímetros, no papel máis ou menos unha cuarta (digoo aproximado porque non trouxen o metro).

Esqueleto da pantorrilla: Esta formado polo óso máis longo do corpo, que é o fémur, que vai dende o omoplato ata a rotula.

O cerebro: as ideas, despois de falar, vanse ao cerebro.

Aves prensoras: Son as aves que viven nas "prensas", sitios onde hai moita agua. Teñen bonitos coloridos, como o corvo.

Depuración da agua: faise polos raios ultraviolentos.

Movementos do corazón: o corazón sempre está en movemento, só está parado nos cadáveres.

Volcáns: en Mallorca esta o Teide. A auga do mar solidifícase e sae polo cráter.

Exemplo de parasito interno: as vísceras.

Produtos volcánicos: as bombas atómicas.

As algas: Son animais con caracteres de vexetais.

Antibióticos: o alcohol, o algodón e a auga osixenada.

Moisés e os israelitas: os israelitas no deserto alimentábanse de patriarcas.

Como se chaman os habitantes de Ceuta:

Centauros.

A soberbia: é un apetito desordenado de comer e beber, que se corrixe practicando a luxuria.

Que río pasa por Viena: O Vesubio Azul.

Xeografía: En Holanda, de cada catro habitantes, un é vaca.

Recopilación feita por **Adrián Abella Arias**

ESCOLMA DE CURIOSIDADES ARREDOR DAS CCSS

Sabías que...

... John Keynes (1883 - 1946) é o principal teórico do Estado do Benestar, aquel que ten como eixo garantir a atención e o traballo dos cidadáns e nunha ocasión dixo algo así como: "*Se eu che debo un euro teño un problema, pero se che debo un millón o problema é teu*"

... unha das palabras máis pronunciadas no mundo, por obra da globalización, é "**Coca - Cola**". Se queres ver outra visión da globalización a través dos debuxos dos Simpsons teclea en Google "*Simpsons Banksy*" e mira o vídeo de Youtube que aparecerá.

... segundo a Declaración de Dereitos humanos, todos temos dereito á educación pero que no mundo hai **72 millóns de nenos e nenas sen escolarizar.**

... o número de automóbiles en España é practicamente o mesmo que en China (arredor de 19 millóns) pero a poboación de China é unhas **29 veces superior** á española.

... se unha máquina escavadora fixera un burato dun metro por minuto tardaría **24 anos** en chegar ao outro lado do planeta.

... se manexásemos esa escavadora e fixésemos ese burato apareceriamos máis ou menos en **Nova Zelandia**.

... o burato máis grande fixérono nos anos 70 do século XX os soviéticos, co obxectivo de acadar o manto do planeta, pero non chegaron a el. Pararon cando levaban **pouco máis de 12 kilómetros**.

… Europa e América sepáranse arredor de **4 cm** cada ano.

… os chineses inventaron un instrumento para medir a intensidade dos terremotos no ano **132**.

… se imaxinásemos os 4.500 millóns de anos da Terra reducidos a un día terrestre de 24 horas, a vida empezaría moi cedo, a iso das 4 da madrugada coa aparición dos primeiros simples organismos unicelulares, pero despois non hai ningún avance nas seguintes 16 horas, Ata case as 20:30, cando xa pasaron case as cinco sextas partes da xornada, non hai máis que microbios. A esa hora comezan as primeiras plantas mariñas, pero non será ata as 22:00 cando xurdan as primeiras formas de vida terrestres. Os dinosauros chegarían a iso das 23:00 horas, e mandan durante tres cuartos de hora. Vinte e un minutos antes das 00:00 esfúmanse e comeza a era dos mamíferos. Os **humanos** entran en acción **un minuto e dezasete segundos antes da medianoite**. A nosa historia, a esta escala, sería duns poucos segundos.

… O cumio máis alto da Península Ibérica, posto que o máis alto de España é o Teide nas Canarias, é o Mulhacén e está en Serra Nevada. Debe o seu nome ao monarca musulmán Muley Hacen, que reinou no século XV e que, segundo a tradición, mandou ser enterrado no cumio máis alto do reino de Granada.

… o país máis estraño do mundo quizais sexa o **principado de Sealand**, que, situado no Mar do Norte, consiste unicamente nunha antiga plataforma petrolífera de 550 m². Rara vez ten máis de **cinco habitantes**, pero posúe Goberno, Constitución, moeda e himno. Actualmente está en venta.

… científicos de Cambridge idearon un algoritmo para calcular, en base a cantidade de acontecementos históricos, o día máis aburrido do século XX e saiu o **11 de abril de 1954**.

Máis na web…

http://www.iesoa.pangea.org/

http://show.mappingworlds.com/world/

www.planetacurioso.com

Ou en papel…

Bill Bryson: ***Una breve historia de casi todo***

Feito por: **Lúa López Trevín** e **María Fernández Sánchez**
Revisado por: **Ramón Noche**

VIDEOXOGOS

Este ano, para variar un pouco, decidín que non ía poñer os videoxogos máis vendidos no ano anterior, polo que este ano tráiovos os videoxogos **máis vendidos da historia**. Un top 10 que nos levará dende a *Nintendo Wii* ata a mítica *Nintendo Game Boy*.

Os dez videoxogos máis vendidos na historia da videoconsola son:

1. *Wii Play,* de Nintendo Wii que vendeu 27.380.000 unidades.
2. *Nintendogs,* de Nintendo DS que vendeu 23.260.000 unidades.
3. *Wii Fit,* de Nintendo Wii con ventas superiores a 22.610.000 unidades.
4. *Mario Kart,* Wii para Nintendo Wii con arredor de 22.550.000 unidades vendidas.
5. *New Super Mario Bros,* de Nintendo DS, vendeu 22.490.000 unidades.
6. *Galiza Red e Blue,* da antiga Nintendo Game Boy con 20.680.000 unidades vendidas.
7. *Wii Sports Resort,* en Nintendo Wii con 19.160.000 unidades vendidas.
8. *Brain Age,* de Nintendo DS que vendeu 18.720.000 unidades.
9. *Super Mario Bros 3*, doutra consola clásica, a Nintendo NES con 18.000.000 unidades.
10. *Mario Kart,* para Nintendo DS que conseguiu 17,90 millóns de unidades vendidas.

Seguramente alguén se deu conta de que todos os títulos pertencen a consola de *Nintendo*.
O primeiro xogo de outra consola que aparece na lista dos máis vendidos da historia é o *Grand Theft Auto: San Andreas* para *PlayStation 2* ou PC. O seguinte é o Gran Turismo 3 tamén para PlayStation 2.
No que respecta a títulos de *Xbox 360* non se vendeu tanto como se supoñía, no primeiro posto atopase o *Halo 3*, que tivo unha campaña publicitaria que se asemella as películas taquilleiras do verán, pero so vendeu 8,1 millóns de copias.

Traballo feito por **Miguel Fernández**

CINE

CINE

Velaquí unha selección dalgunhas das películas dos últimos meses recollidas por **Héctor López**

LA SAGA CREPÚSCULO: ECLIPSE

Bella Swan, unha vez máis está rodeada de perigos, mentres Seattle é arrasada por unha onda de asasinatos misteriosos e unha vampira maliciosa continúa a súa busca de vinganza. No medio de todo isto, Bella é obrigada a elixir entre o seu amor por Edward Cullen e a súa amizade con Jacob. A súa graduación achégase, e Bella non ten máis opción que afrontar a maior decisión da súa vida, unha decisión que lle permitirá estar con Edward para sempre. Pero é difícil aceptar a condición imposta por Edward (debe casar con él antes de convertila nun vampiro). Mentres tanto, achégase unha inminente guerra.
Unha película que segue o curso das outras da saga.

Director	David Slade
País / Ano	USA / 2010
Duración / Xénero	124 min. / Fantástico, Drama, Romance
Reparto	Kristen Stewart, Robert Pattinson, Taylor Lauter, Xabier Samuel, Ashley Green

INVASIÓN A LA TIERRA

Durante anos non houbo casos documentados de avistamentos de Ovnis no mundo. Pero en 2011, o que ata entón eran simples avistamentos, é unha realidade terrible,cando a Terra é atacada por forzas descoñecidas. Mentres todos son testemuñas de como caen as grandes cidades do mundo, “Los Ángeles” convértense no último bastión da humanidade nunha batalla que todos esperaban. Un sarxento da Mariña e a súa clase son os que deben definir os límites contra un inimigo como nunca se atopou.

Director	Jonhathan Liebesmen
País / Ano	USA / 2011
Duración / Xénero	109 min. / Acción, Ciencia Ficción
Reparto	Aaron Eckhart, Michelle Rodríguez, Michael Peña, Bridget Moynahan

CISNE NEGRO

Cisne Negro é a historia de Nina, unha bailarina dunha compañía de ballet en Nova York, cuxa vida, como todos os da súa profesión, é completamente absorbida pola danza. Nina vive coa súa nai, Erica, bailarina retirada que apoia con entusiasmo a ambición profesional da súa filla. Cando o director artístico Thomas Leroy decide substituír o bailarín principal da nova produción da estación, "O Lago dos Cisnes", Nina é a súa primeira opción. Pero Nina ten competencia: unha nova bailarina, Lily, coa que tamén quedaron impresionados. "O Lago dos Cisnes" require dunha bailarina que poida interpretar tanto o Cisne Branco, con inocencia e elegancia, como o Cisne Negro, que representa a astucia e sensualidade. Nina é a axeitada para o papel do Cisne Branco, pero Lily é a personificación absoluta do Cisne Negro. Aínda así a rivalidade entre as dúas mozas bailarinas tranfórmase nalgo máis que nunha relación. Nina comeza a conectarse co seu lado máis sombrío, coa imprudencia, de tal forma que ameaza destruíla.

Director	Darren Aronfsky
País / Ano	USA / 2010
Duración / Xénero	110 min. / Drama
Reparto	Natalie Portman, Mila Kunis, Bárbara Hershey, Winona Ryder

¿PARA QUÉ SIRVE UN OSO?

Alexandre e Guillerme son dous irmáns de Asturias namorados coa natureza desde a infancia. Hoxe, Alexandre é unha lenda de zooloxía, un aventureiro que investiga os animais salvaxes que viven nas árbores. Guillerme é un biólogo de renome internacional, gañador de centos de premios, pasou toda a súa vida a investigar o cambio climático. Guillerme é o foco dunha planta que medra no xeo da Antártida e, admitindo que a batalla está perdida, abandona todo e regresa a súa casa en Asturias e vai en busca do seu irmán Alexandre. Dende a chegada de Guillerme os ecosistemas forestais modifícanse en personaxes sentimentais.
Na miña opinión é unha película para ver en familia

Director	Tom Fernández
País / Ano	España / 2011
Duración / Xénero	100 min. / Comedia
Reparto	Javier Cámara, Gonzalo de Castro, Emma Suárez, Geraldine Chaplin, Oona Chaplin.

TORRENTE 4

Torrente é dominado pola crise que está engulindo o país. Vivindo en condicións miserables, está obrigado a aceptar unha misión. É para matar a alguén. Torrente ten que contratar algún persoal para axudarlle na súa misión particular. Finalmente, Torrente é usado como un chibo expiatorio e, antes de que poida cumprir as tarefas que lle son confiadas alguén se lle adianta. Cárgano coa culpa e préndeno por un delicto que non cometeu. No cárcere, toda a súa obsesión é escaparse para limpar o seu nome. Para conseguilo idea un plan inspirado nun dos seus filmes favoritos, "Evasión ou vitoria", e organiza un partido de fútbol, unha especie de campionato entre funcionarios e presos. Durante o xogo, a idea é saír cos compañeiros a través dun túnel. O túnel derrúbase e parece imposible escapar, pero aproveitando que o coro da prisión vai a un torneo interprovincial utilizarao como móbil para que Torrente poida saír do cárcere. Unha vez fóra, el comeza a súa vinganza, buscando ao home que o mandou a prisión.

Director	Santiago Segura
País / Ano	España / 2011
Duración / Xénero	92 min. / Comedia
Reparto	Santiago Segura, Kiko Rivera, Yon González, Belén Esteban

THE KARATE KID

Dre Parker, de doce anos, era o neno máis popular en Detroit, pero o movemento máis recente da carreira da súa nai lévao a China. Dre namórase da súa compañeira da clase, Mei Ying. O sentimento é mutuo, pero as diferenzas culturais fan a súa amizade imposible. Todo vai a peor cando Dre ten unha pelexa cun matón da clase que é un prodixio do Kung-Fu. A responsabilidade do rapaz levarao a recibir clases de Kung-Fu da man do mestre Sr. Han. Aquí aprenderá que o Kung-Fu non son só puñetazos e movementos.

Director	Harald Zwart
País / Ano	USA e China / 2010
Duración / Xénero	140 min. / Artes Marciais, Acción, Drama
Reparto	Jackie Chan, Jaden Smith, Taraji P. Henson
Reparto	Jackie Chan, Jaden Smith, Taraji P. Henson

MÚSICA

TOP 5

As mellores cancións do ano!

"Loca"
Shakira

Tivo que esperar polo seu éxito internacional ata o ano 2001 cando sacou o seu álbum "*Servicio de lavandería*".
Ata o día de hoxe vendeu máis de 60 millóns de discos.
Neste ano sorprendeunos co seu disco "*Sale el Sol*" , e un dos éxitos deste "*Loca*".

"Only girl (In the World)"
Rihanna

En 2005 lanzou o álbum que a lanzou á fama, " *Music of the Sun* ". Tras outro álbum no 2006, lanzou "*Good girl gone bad* ", con cancións que foron números 1, como "*Umbrella*" e "*Don't stop the music*", álbum nominado a 9 Premios Grammy . No 2010 lanzou o seu último álbum, "*Loud*", que conta con tres números 1, entre eles a polémica canción "*S&M*" e "*Only girl (in the world)*".

"El Secreto de las Tortugas"
Maldita Nerea

Tras os seus últimos discos, as cancións máis representativas foron: "*Cosas que suenan a...*" coa que gañaron un premio á Mellor Canción, e "*El secreto de las tortugas*" que foi escollida Canción do ano 2010.
Ademais, recibiron premios ao Mellor Grupo e Artista Revelación nos Premios *40 Principales*.

"The Time (Dirty Bit)"
Black Eyed Peas

Moi coñecidos pola súa canción "*I gotta feeling*" que os lanzou á fama, venderon máis de 30 millóns de discos.
O seu último disco, "*The E.N.D.*" , inclúe cancións como "*Meet me halfway*" e o seu último debut "*The time (The dirty bit)*".

"Alejandro"
Lady Gaga

No 2008 lanzou o seu álbum debut, "*The Fame*", logo de compoñer cancións para outros artistas como Britney Spears. No 2009 sacou o disco "*The Fame Monster*", chegando ao número 1 coa canción "*Alejandro*", e seguíndoa moi de cerca con "*Bad romance*" e "*Telephone*", canción que cantou con Beyoncé.

Top recompilado por **Ana Caloto Balboa**, **Sandra García Rivera**, **Lucía López López**, **Beatriz López Rodríguez**

Música en galego

Os medios de comunicación préstanlle moi pouca atención á música cantada en galego. Ler nun xornal unha crítica dun disco dun grupo que utiliza esta lingua e non fai folk é pouco frecuente; ver unha actuación en televisión, todo un acontecemento.

Semellante panorama pódenos levar a pensar que en galego non se fai nada que non teña que ver con gaitas, e non é así.

Padece de invisibilidade, pero a música no noso idioma existe, é moi variada e, grazas á rede, é moi fácil acceder a ela. Como proba, aquí deixo catro dos meus grupos galegos favoritos deste século. Todos usan o galego e todos se poden escoitar en **Spotify.**

Fanny+Alexader

Noel Feáns e Efi Arias, compoñentes desta banda indie galega, son xastres que fan prendas a partires de materiais moi diversos. O pop, a indietrónica, o folk e o shoegaze son os estilos dos que máis tiran para compoñer as súas melodías. Para as letras utilizan textos de autores galegos das últimas décadas do século XX (Lois Pereiro, Yolanda Castaño, Diego Ameixeiras, María

Lado...).

A súa intención é contemporanizar o pop galego, rachando con estilos, etiquetas e demais tópicos. Utilizan o método do *do it yourself* e aprovéitanse o máximo posible das prestacións que as novas tecnoloxías ofrecen.

Lusco e fusco (2.006), *Finais dos 70s, principios dos 80s* (2.007) e *Alfaias* (2.009) son os seus discos publicados a día de hoxe.

Unha canción a resaltar: Toda esa enerxía escura.

Ataque Escampe

Na Facultade de Filoloxía da USC, alá polo ano 2.001, naceu este particular grupo que define o seu estilo como "rock de serie B". Adoptaron esta etiqueta para advertir da súa falta de profesionalidade e continúan con ela, a pesares de que a día de hoxe contan cos medios e a experiencia suficientes para abandonala.

Nomean tanto a Bob Dylan como a Xil Ríos

entre as súas influencias e depositan grandes doses de retranca nas súas letras. O kazoo e o banjo aparecen nas súas melodías entre guitarras e voces que cantan sobre Galicia, Super Mario Bros ou a envexa.

Teñen publicado un EP, *Ed Wood e a invasión dos paraugas asasinos* (2.007), e tres discos: *Galicia es una mierda* (2.008), *A grande evasión* (2.009) e *Violentos anos dez* (2.011).

Unha canción a resaltar: A granxa de Alexandre.

The Homens

Melodía, enerxía e actitude son os ingredientes que The Homens poñen nas súas cancións. O resultado son temas power pop ultracontaxiosos que animan a mover os pés e a berrar.

Nas súas letras falan de experiencias persoais, de fútbol, de amor, de rabias varias. Din que utilizan o galego por lóxica: é o idioma no que pensan.
Levan en activo como banda dende 2.004, aínda que os seus membros xa tiñan varias experiencias musicais anteriores. Debutaron cun EP chamado *#1*, que veu seguido de *#2*. O seu primeiro longa duración recibiu o nome de *Tres* e foi declarado o mellor disco en galego de 2.007 polos votantes da desaparecida revista dixital Sono-tone. *Cuarta potencia*, publicado en 2.009, é polo momento o seu último traballo e pode descargarse de balde na súa web oficial.

Unha canción a resaltar: Non é o final, é o principio.

Noise Project

Son de Valga (Pontevedra) e iniciaron este "proxecto de ruido" en 2.004. Adícanse principalmente ao noise e ao post-rock e entre as súas variadas referencias atópanse grupos como The Smiths, Mogwai, Sr Chinarro, Yo La Tengo, Los Planetas ou The Cure.
Nas súas cancións crean atmosferas escuras a base de guitarras e de letras

abstractas.
En 2.007 autoeditaron *Teleclube*, o seu primeiro EP. Dous anos máis tarde chegaron ás semifinais do concurso Proyecto Demo do FIB e actuaron no Festival do Norte con grupos como Standstill e Delorean. En 2.010 viu a luz *Asuntos que se resolven co tempo*, o seu disco de debut.

Unha canción a resaltar: A madalena.

AREGUEIFA PLATAFORMA
www.aregueifa.net

En www.aregueifa.net pódense descargar gratis e legalmente discos de de Fanny+Alexander, Ataque Escampe, Noise Project e outros moitos grupos galegos.

Sandra López Pereiro

TABOLEIRO 2.0

E aquí tedes o novo taboleiro da revista nº11! Un taboleiro que se renova para estar ao día neste mundo de cambios. Aquí encontraredes os comentarios que vos mesmos enviastes, e que foron recompilados por un novo fichaxe: Lois Fuente Maceda.

"Para a nova: aínda que ó principio non te quixéramos aquí (que non), parece que a cousa non é tan terrriiibllee!! Benvida! M. e E.

Parabéns aos redactores por un ano espectacular na revista! *J.L.F*

"Para a miña xente, que están cando os quero e cando non. Sabedes que por iso mesmo vos quero **sempre**." *M.*

Poden volver cando queiran. Xa fumigamos. *Hostal picasso*

Que nos quiten o bailao'!! *L.P.*

Esta mensaxe é para dicir que existe unha biblioteca no Xograr. *Anónimo*

Para a xente que lle gusta ler o taboleiro: Que para o ano manden moitísimas máis mensaxes.

PASATEMPOS XOGRARINOS

E aquí temos a terceira edición dos nosos pasatempos, os cales só poden ser feitos na súa totalidade por membros do Xograr. Desta vez, foron ideados por **Carmela** e **Sabela**. Veña, a darlle ó coco!

ATOPA AS SETE XOGRADIFERENZAS:



COMPLETA A SOPA DE XOGRANOMES:

Busca o nome de **sete** profesores do Xograr

Z	R	Q	K	L	T	R	P	G	D	G	H	G
I	A	G	C	Q	O	G	E	I	D	L	O	D
X	G	S	O	N	I	A	U	V	A	Z	D	K
U	V	E	K	F	G	D	U	D	C	S	N	T
Z	K	I	D	H	X	X	Ñ	G	O	W	A	A
A	Y	F	K	E	F	F	U	F	D	W	N	Q
B	H	P	U	W	L	C	R	I	N	R	R	F
M	T	O	X	P	V	M	J	F	D	S	E	K
B	U	B	C	A	I	H	I	O	M	Ñ	F	E
C	R	B	L	H	U	L	L	R	C	G	I	Z
Ñ	F	R	O	R	U	M	Ñ	H	A	L	S	A
H	W	F	S	U	Ñ	S	O	W	U	A	Q	H
W	E	Y	A	S	Z	J	Ñ	V	F	A	R	B

XOGRAENCRUCILLADO

Horizontais

1. Insecto de vistosas ás de cores.
2. Xanela, ventá.
5. Auga que cae do ceo en forma de pingas.
6. Ave de tamaño medio que se utilizaba para enviar cartas. ou mensaxes
8. Globo de aire ou outro gas que sube a superficie dun liquido cando este ferve.
9. Calidade do que é belo.

Verticais

1. Cama do neno pequeno.
3. Gota que cae do ollo a causa dunha emoción.
4. Comida doce que sabe moi ben.
7. Necesítote, ámote.



XOGRARROSCO

-Coa **A**: Neste preciso lugar.
-Coa **B**: Famosa canción de King África, isto é unha ...
-Coa **C**: Estupendo, moi bo.
-Coa **D**: Número que ven despois do once e antes do trece.
-Coa **E**: Conxunción copulativa.
-Coa **F**: Serie de cousas colocadas en liña.
-Coa **G**: Lingua propia de Galicia.
-Coa **H**: Encontro de dúas vogais que non pertencen a mesma sílaba.
-Coa **I**: Esperanza de conseguir algo.



-Coa **L**: Persoa natural de Lugo.
-Coa **M**: Persoa que ensina calquera tipo de materia.
-Coa N**:** Contraria ao día.
-Contén a **Ñ**: Traxe propio para o baño.
-Coa **O**: Femia do carneiro.
-Coa **P**: Contrario de moito.
-Coa **Q**: Alimento feito con leite.
-Contén a **R**: Neste preciso momento.
-Coa **S**: Estrela que lle da luz e calor a Terra.
-Coa **T**: Cubrir cunha tapa.
-Coa **U**: Contrario de primeiro.
-Coa **V**: Drácula é o.
-Coa **X**: Sinónimo de exercicio.
-Coa **Z**: Peza de calzado que cubre o pé.

*As solucións estarán dispoñibles en http://revistaaquieagora.blogspot.com/search/label/Pasatempos

AGRADECEMENTOS

GRAZAS:

Ao **Concello de Sarria**, que un ano máis aportou unha axuda básica para que AeA 11 saia adiante.
Á **dirección do centro** e ao **Equipo de Dinamización da Lingua Galega**, por respaldar unha vez máis a esta revista.
A *Ruth Fernández* e *María Lopo*, por colaborar unha vez máis cos seus respectivos artigos; e a *Lola Chaos*, que se estrea este ano como "xornalista xograrina".
A *Ana Dopazo* e *Miguel Cumbraos*, que nos informaron sobre as actividades do Xograr na sección "O Mundo do Xograr".
A *Pilar de Vega* e *Ramón Noche*, por cedernos os traballos feitos polos seus alumnos.
A *Domingo Villar* e *Xosé Manuel Pereiro*, por contestar ás nosas preguntas.
A *Miguel* e *Manuel*, pola entrevista feita en Fontecelta; A *Lúa* e *María*, polas súas curiosidades sobre as Ciencias Sociais; e a *Olga*, *Iván* e *Cheng*.
A *Diego Rego*, que nos contou un pouco máis del na entrevista que concedeu.
Aos *alumnos/as de ciclo*, pola narración do seu "Samaín".
Aos profes que participaron no Dime que Suspendías: os xa mencionados *Ana Dopazo* e *Ramón Noche*; *Ana Belén Durán, Carlos Mendaña* e *Esperanza Camiñas*.
A *Olalla Losada*, autora da foto da portada.
Ao noso coordinador, *Xesús Fernández*, que leva xa once cursos coidando de AeA.
E por último, queremos agradecérvolo a **vós, lectores**. Sodes vós os que dades sentido ao noso traballo. **Grazas**.

María Melle Goyanes
(en nome do equipo do *Aquí e Agora*)

¿QUE CHE PARECEU A REVISTA?

¿BOA?, ¿TRABALLADA?, ¿MELLORABLE?, ¿ABURRIDA? ou ¿REPETITIVA?
Sexa como sexa, queremos que nolo digas.
Cóntanos a túa opinión en:

http://revistaaquieagora.blogspot.com

Aí están dispoñibles, por fin, para ler online **TODAS AS REVISTAS**; ademais do documental "Aquí e Agora: e xa van 10!" e tódalas novas de AeA.

¿QUERES PARTICIPAR NO AQUÍ E AGORA 12?

¡Perfecto!, toma asento e presta atención:
Para unirte ao noso equipo, tan só tes que estar atento/a ós carteis que anuncian as reunións ou preguntarlle a Xesús.
Se non te queres involucrar tanto, tamén podes mandar a túa colaboración a

revistaaquieagora@gmail.com

¡AGARDÁMOSTE!

DIRECCIÓN

SANDRA LÓPEZ PEREIRO

XESÚS FERNÁNDEZ *(COORDINADOR)*

GORETTI VALIÑA VÁZQUEZ

ADRIÁN ABELLA ARIAS

MARÍA MELLE GOYANES

REDACCIÓN

ANA CALOTO BALBOA

CARMELA CELA RODRÍGUEZ

SANDRA GARCÍA RIVERA

SABELA GONZÁLEZ SEIJAS

LUCÍA LÓPEZ LÓPEZ

BEATRIZ LÓPEZ RODRÍGUEZ

EVA MELLE GOYANES

MARTA TOIRÁN SOMOZA

TANIA LÓPEZ VILAR

LOIS FUENTE MACEDA

MIGUEL FERNÁNDEZ SÁNCHEZ

HÉCTOR LÓPEZ LÓPEZ

**Foto de portada:* Olalla Losada

**Maquetación:* María Melle Goyanes

revistaaquieagora.blogspot.com